

Proceso de insuficiencia cardíaca

Área de Referencia Complejo Hospitalario Universitario de Santiago



Edición Bilingüe Galego/Castellano

XUNTA DE GALICIA

PROCESO de INSUFICIENCIA *Cardíaca*



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela**
Santiago de Compostela

Para a elaboración deste proceso contouse co apoio de REDINSCOR
(Red de Investigación en Insuficiencia Cardíaca)

*Para la elaboración de este proceso se contó con el apoyo de REDINSCOR
(Red de Investigación en Insuficiencia Cardíaca)*

Edita: Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 733-2010

Imprime: GRAFINOVA, S. A. - Santiago de Compostela

Equipo de traballo do proceso de insuficiencia cardíaca do CHUS

José Ramón González Juanatey (Cardioloxía CHUS)
Alfonso Varela Román (Cardioloxía CHUS)
Inés Gómez Otero (Cardioloxía CHUS)
Belén Cid Álvarez (Cardioloxía CHUS)
Lilian Grigorian (Cardioloxía CHUS)
M. Carmen Otero Barreiro (Enfermería Cardioloxía CHUS)
Dores Otero (Enfermería Cardioloxía, CHUS)
Jose Luis Iglesias Otero (Enfermería Cardioloxía CHUS)
M^ª Jose Muñiz Martínez (Enfermería Cardioloxía CHUS)
María Moure (Enfermería Cardioloxía CHUS)
Ana Seoane (Enfermería Cardioloxía CHUS)

Vicente Lorenzo Zúñiga (Medicina Interna CHUS)
Isidro Rodríguez López (Medicina Interna CHUS)
Francisco Lado Lado (Medicina Interna CHUS)
María Pazo Núñez (Medicina Interna CHUS)
Ramón de la Fuente Cid (Medicina Interna CHUS)
Antonio Pose Reino (Medicina Interna CHUS)
Carmen Martínez (Medicina Interna CHUS)
Angeles Sanchidrián Chapinal (Enfermería MIR CHUS)
Manuel Galego Silva (Enfermería MIR, CHUS)

Carmen Varela Donoso (Urxencias CHUS)
José Luís Fernández Velo (Urxencias CHUS)
Carmen Seijas Rodríguez (Urxencias CHUS)

Paloma Puime Montero (Atención Primaria)
Felipe Marcos Luaña (Atención Primaria)
M.^ª del Carmen Riádigos Rodríguez (Atención Primaria)
Manuel Vidal Fernández Fernández (Enfermería Atención Primaria)
Celsa Junquera Vilanova (Enfermería Atención Primaria)

Jorge Aboal Viñas (Admisión CHUS)

Mercedes Carreras Viñas (Subdirección de Calidade, CHUS)
Begoña García Cepeda (Subdirección de Calidade, CHUS)

José Luis Temes (consultora Mestesa)
Susana del Río Urenda (consultora Mestesa)
Javier Terol Fernández (consultor Mestesa)
Francisco Martos Pérez (consultor Mestesa)

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
DEFINICIÓN DO PROCESO	15
ANÁLISE DA SITUACIÓN. OPORTUNIDADES DE MELLORA	19
Documentos para recompilar ou elaborar	23
ANÁLISE DE EXPECTATIVAS A TRAVÉS DE GRUPOS FOCAIS	25
Xustificación	27
Resultados de oito entrevistas a profesionais relacionados co proceso IC - CHUS	27
Obxectivos das entrevistas a profesionais	27
Resultados das entrevistas a profesionais	28
Informe do Grupo Focal de Usuarios e Coidadores do proceso IC	40
Obxectivos do Grupo Focal	40
Descrición da metodoloxía	40
Resultados do Grupo Focal de Usuarios e Coidadores	41
Análise dos resultados do Grupo Focal de Usuarios e Coidadores	47
Comparación dos resultados de ambas as dúas técnicas: usuarios e profesionais	49
Proposta de mellora	51
Conclusións	54
ORGANIZACIÓN DO PROCESO ASISTENCIAL INSUFICIENCIA CARDÍACA	57
SOSPEITA INICIAL DE INSUFICIENCIA CARDÍACA NA ÁREA DE URXENCIAS ...	60
1. Confirmar o diagnóstico	60
2. Comezar o tratamento	60
3. Valorar remisión a consultas hospitalarias	60
4. Valorar criterios de ingreso	60
5. Ingreso hospitalario	60
6. Seguimento tras a alta hospitalaria: consultas externas de Cardioloxía ou Medicina Interna	61
7. Derivación a Atención Primaria de pacientes estables	61
SOSPEITA INICIAL DE INSUFICIENCIA CARDÍACA EN ATENCIÓN PRIMARIA ...	63
1. Solicitude de probas complementarias	64

2. Valorar a presenza de criterios de risco	65
3. Remisión do paciente á consulta de CardioloXía	65
SEGUIMIENTO EN ATENCIÓN PRIMARIA DE PACIENTES ESTABLES	66
1. Primeira visita de seguimento en Atención Primaria	67
2. Consultas de seguimento	68
3. Asistencia durante as agudizacións	68
4. Criterios clínicos de derivación desde atención primaria a especializada en pacientes con IC seguidos en Atención Primaria:	69
MANEXO DA INSUFICIENCIA CARDÍACA NA ÁREA DE URXENCIAS HOSPITALARIAS	71
1 e 2. Recepción do paciente e rexistro de datos	73
3. Triaxe e clasificación	73
4. Anamnese - exploración - probas complementarias	74
5. Monitoraxe	76
Monitoraxe non invasiva	76
Monitoraxe invasiva: realizarase en unidades especiais (UCC,UCI):	77
6. Situación do paciente	77
7. Observación e tratamento	78
8. Valoración de ingreso hospitalario	88
Criterios de ingreso hospitalario (criterios 1, figura 7)	88
Criterios de decisión de servizo de ingreso (criterios 2, figura 7)	89
MANEXO DIAGNÓSTICO E TERAPÉUTICO	91
Definición e diagnóstico sindrómico	93
Diagnóstico etiolóxico, funcional e fisiopatolóxico	94
1. Historia clínica (aspectos para cumprir)	94
2. Exploración física que se vai realizar en pacientes con sospeita ou diagnóstico de IC:	95
3. Probas complementarias básicas	96
4. Forma fisiopatolóxica de insuficiencia cardíaca	98
5. Probas complementarias adicionais	98
Tratamento da insuficiencia cardíaca	100
1. Tratamento non farmacolóxico	101

2. Tratamento farmacolóxico	103
3. Tratamento cirúrxico e con dispositivos médicos	114
4. Tratamento de comorbilidades e entidades específicas	117
5. Recomendacións na fase final da enfermidade	123
INDICADORES DO PROCESO	125
ANEXOS	131
Anexo 1. Entrevistas a profesionais do proceso IC- CHUS. Perfis de entrevistados e guión das entrevistas	133
Anexo 2. Unidades de análise e observación en grupos focais	138
Anexo 3. Participantes en Grupo Focal	139
Anexo 4. Plan de coidados estándar de enfermería específico para insuficiencia cardíaca en Atención Primaria	139
Anexo 5. Protocolo de intervención educativa dos equipos de enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e da súa área sanitaria	142
BIBLIOGRAFÍA	149



INTRODUCCIÓN

Galicia ten unha poboación de 2.772.533 habitantes (datos do INE 2007), con maior densidade de poboación en zonas costeiras e unha gran dispersión xeográfica. Con só o 5,8% da superficie total nacional, concentra o 50% dos núcleos de poboación de España. Esta dispersión representa un reto para os planificadores sanitarios e resalta o papel que a atención primaria debe xogar no sistema.

Ata hai escasos anos non se dispoñía de información epidemiolóxica detallada sobre a insuficiencia cardíaca en Galicia. Os estudos levados a cabo no Servizo de Cardioloxía do CHUS^{1,2,3,4}, e outros realizados na nosa comunidade como GALICAP⁵, INCARGAL⁶ e Barbanza⁷, botaron moita luz sobre as características epidemiolóxicas, clínicas, e a calidade da asistencia prestada aos pacientes con insuficiencia cardíaca en Galicia.

As enfermidades cardiovasculares representan a principal causa de morte en España. No ano 2005 foron responsables do 32,8% dos falecementos. Dentro deste grupo de enfermidades, a insuficiencia cardíaca (IC) ocupa o terceiro posto en mortalidade, só superado pola cardiopatía isquémica e as enfermidades cerebrovasculares. No ano 2006, o 6,3% de todas as mortes rexistradas en Galicia foron debidas á insuficiencia cardíaca, que foi a responsable do 4,2% dos falecementos en homes e 8,6% en mulleres⁸. Estímase que a supervivencia dos pacientes con IC é dun 50% aos cinco anos.

En España, a taxa de mortalidade por insuficiencia cardíaca no ano 2006 foi de 30,2 e 55,1 por 100.000 habitantes en varóns e mulleres⁸. En Galicia faleceron 1825 persoas por insuficiencia cardíaca no ano 2006, dos que 1247 eran mulleres (Táboa 1). A mortalidade intrahospitalaria diminuíu nos últimos anos, e Galicia non é unha excepción. En hospitais galegos comunicáronse mortalidades do 4,8%⁹, y 6,8%⁶ e foi a insuficiencia cardíaca o diagnóstico médico máis frecuente⁹.

Táboa 1. Número de falecementos por insuficiencia cardíaca en Galicia en 2006 por provincias.

A Coruña	816
Lugo	325
Ourense	275
Pontevedra	459

A IC é a causa máis frecuente de ingreso hospitalario en maiores de 65 anos en series nacionais^{10,11}, e tamén en Galicia⁹. No ano 2001, a insuficiencia cardíaca foi o primeiro motivo de ingreso en mulleres maiores de 65 anos en hospitais do



Servizo Galego de Saúde, e foi a responsable do 4,4%. En homes supuxo o 3,7% dos ingresos, só superado polas agudizacións de bronquites crónicas.

A maior parte do custo do coidado dos pacientes débese ás hospitalizacións^{12,13}. Unha vez que o paciente sofre un primeiro ingreso hospitalario por insuficiencia cardíaca, a taxa de reingreso é elevada, alcanzando o 38% no primeiro mes¹⁴, o 43% aos 6-12 meses¹⁵. En Galicia a situación non é diferente. A IC foi responsable de 1,8% do total de altas hospitalarias nos hospitais galegos no ano 2006¹⁶. No estudo GALICAP evidenciouse que o 30% dos pacientes con insuficiencia cardíaca en Galicia foi ingresado polo menos unha vez no último ano por descompensación⁵.

A idade media dos pacientes con insuficiencia cardíaca é cada vez máis avanzada, e a taxa de comorbilidade é alta¹⁷. A idade media en Galicia alcanza os 73-76 anos^{5,6,7}, representando os maiores de 70 anos case o 80% da totalidade. Para o conxunto nacional foi comunicada unha idade media 10 anos menor¹⁸. A maior idade media condiciona tamén unha alta taxa de comorbilidade, de tal forma que o prototipo de paciente con insuficiencia cardíaca atendido en Galicia é un paciente “con múltiples factores de risco cardiovascular (hipertenso, fumador, bebedor moderado, valvulópata e probablemente con EC), polimedicado e con idade avanzada”¹⁹. Nos últimos anos obsérvase unha estabilización no número de indicacións de transplante cardíaco, consecuencia en parte dun mellor manexo da enfermidade e da prolongación da supervivencia a idades que contraindican o transplante cardíaco²⁰. A prevalencia de obesidade en pacientes con insuficiencia cardíaca en Galicia é elevada, alcanzando case o 40%⁵.

A interrelación entre Atención Primaria, a porta do sistema na maioría dos casos, e a especializada é vital para a atención temperá da enfermidade. O diagnóstico precoz forma parte do decálogo de actuación fronte a enfermidades cardiovasculares do Plan de Saúde de Galicia 2002-2005²¹.

A relación cos servizos de urxencias, que constitúe a segunda porta do sistema, tamén se formula como obxectivo do Plan de Saúde. Cada hospital público que presta asistencia de agudos debería dispoñer dun Protocolo de tratamento da sospeita e confirmación da insuficiencia cardíaca, consensuado con Urxencias Sanitarias de Galicia - 061.

A hipertensión e a cardiopatía isquémica constitúen actualmente as causas máis frecuentes da insuficiencia cardíaca no noso medio. A pesar diso, a taxa de control de hipertensión en pacientes cardiópatas en Galicia é inferior ao 50%⁷.

O número de fármacos que usa un paciente con insuficiencia cardíaca está entre 3,4⁵ y 47. Salvo no contexto de ensaios clínicos ou poboacións moi seleccionadas



de pacientes atendidos por unidades de insuficiencia cardíaca, o seguimento das recomendacións terapéuticas das guías de práctica clínica é deficiente. Os datos para Galicia son similares^{5,7}, e mesmo reflicten un menor uso de betabloqueantes que noutras zonas do país²².

En Galicia, o 90% dos pacientes con insuficiencia cardíaca vive coa súa familia⁵. Na poboación xeral galega, a taxa de discapacidade entre 6 e 64 anos é lixeiramente superior á media nacional 50,5 fronte 45,9 por 1000 habitantes. En suxeitos maiores de 64 anos, as taxas non son tan dispares: 324 e 322 por 1000 habitantes respectivamente²³.

A educación do paciente forma unha parte esencial dos programas de manexo de enfermidade na insuficiencia cardíaca. A limitación de recursos asistenciais para unha poboación de pacientes crónicos en crecemento, fai que o autocoidado e a colaboración de coidadores deba ser potenciada de forma crecente. No noso medio o nivel educativo dos pacientes con insuficiencia cardíaca é xeralmente baixo (só o 10% ten estudos técnicos ou superiores)⁵, o que representa un problema engadido.

Tres de cada catro pacientes con insuficiencia cardíaca en Galicia é atendido polo cardiólogo, e só o 11% polo médico de cabeceira en exclusiva⁵. É necesario incluír criterios de xestión clínica como soporte á toma de decisións terapéuticas, sobre todo porque a situación de limitación de recursos é unha constante xeral, xunto co incremento de novas e mellores prestacións, e a maior esixencia no nivel de calidade da sanidade pública²⁴.

O médico de cabeceira debe ser o verdadeiro protagonista do control do paciente crónico. A potenciación de consultas de alta resolución para o diagnóstico precoz inicial e para o control de pacientes complexos, debe ser a ferramenta que permita unha canle de acceso dos pacientes ao diagnóstico e á opinión especializada. A translación de coidados dende atención especializada á atención primaria debería ser fomentada, para favorecer o manexo global do paciente e a saturación da atención especializada por patoloxía crónica na que non se toman decisións. Por outro lado, as recomendacións dos especialistas deberían ser claras en canto a tempo de inicio de medicación, escalada de dose, monitoraxe analítica, posibles complicacións e precaucións para ter en conta, educación do paciente e/ou coidador, e data de revisión²⁵.

A implantación de consultas de enfermería especializada para a titulación de dose, control do cumprimento terapéutico e hábitos de vida, e educación para recoñecemento e manexo precoz de síntomas, constitúe unha estratexia eficiente de control na enfermidade.





DEFINICIÓN DO PROCESO

Definición do proceso

Establecemento, de forma práctica e clara, da atención sanitaria multidisciplinar a pacientes con insuficiencia cardíaca clínica ou disfunción ventricular asintomática dende a sospeita clínica inicial, na Área Sanitaria de Santiago, definindo o papel e a actuación e interrelación dos distintos profesionais implicados en todos os niveis asistenciais, optimizando os recursos diagnósticos e terapéuticos.

O obxectivo é intentar asegurar que o manexo dos pacientes con insuficiencia cardíaca se realiza de acordo coas recomendacións das guías de práctica clínica, para desta forma poder mellorar o prognóstico e a calidade de vida dos pacientes.

Límites de entrada

Paciente con sospeita ou diagnóstico establecido de insuficiencia cardíaca, de acordo coas guías de práctica clínica vixentes, que acode a calquera dos niveis asistenciais da área sanitaria de Santiago.

Límites de saída

- Pacientes nos que se exclúe o diagnóstico de insuficiencia cardíaca.
- Traslado a outra área sanitaria.
- Falecemento do paciente.
- Transplante ou resolución do cadro (causas tratables e/ou casos reversibles).

Obxectivos do proceso

- Atención médica hospitalaria.
- Atención médica extrahospitalaria.
- Atención de enfermería en insuficiencia cardíaca.
- Educación sanitaria. Información do paciente.



Observacións

Obxectivos máis específicos do proceso son:

- Mellorar a accesibilidade ao diagnóstico precoz.
- Diminuír a mortalidade por insuficiencia cardíaca.
- Diminuír os reingresos.
- Aumentar a calidade de vida.
- Asegurar un correcto tratamento e seguimento.
- Adecuación do tratamento segundo guías de práctica clínica.
- Homoxeneizar a práctica clínica.
- Garantir a equidade da asistencia.
- Establecer circuítos claros para estes pacientes.
- Racionalización e optimización de recursos hospitalarios e de Atención Primaria.
- Mellorar a continuidade asistencial.
- Mellorar o coñecemento da enfermidade polo paciente. Fomentar a educación do paciente.

Subprocesos definidos

- SOSPEITA INICIAL DE INSUFICIENCIA CARDÍACA EN URXENCIAS.
- SEGUIMENTO ESPECIALIZADO TRAS A ALTA.
- SOSPEITA INICIAL DE IC EN ATENCIÓN PRIMARIA.
- SEGUIMENTO EN ATENCIÓN PRIMARIA.
- ATENCIÓN HOSPITALARIA EN URXENCIAS.





ANÁLISE DA SITUACIÓN.
OPORTUNIDADES DE MELLORA

Discútese de forma aberta as oportunidades de mellora no manexo actual da insuficiencia cardíaca no hospital.

EDUCACIÓN DO PACIENTE CON INSUFICIENCIA CARDÍACA

- Actualmente existe un documento de plan de cuidados que está dispoñible a través de GACELA. O devandito documento necesita algunhas actualizacións.
- Vaise realizar un curso de capacitación para educación sobre insuficiencia cardíaca.
- Non hai un protocolo de educación en insuficiencia cardíaca, en canto ao número de sesións e duración destas, ou periodicidade.

CONTINUIDADE ASISTENCIAL

- Non hai acordos con atención primaria sobre o seguimento dos pacientes.
- Non se coñece que haxa actividade de educación en insuficiencia cardíaca en consultas de enfermería de atención primaria.
- Non hai conexión informática con atención primaria.
- Non se pactaron ou estableceron criterios de derivación dende atención primaria a especializada ou viceversa.
- Os pacientes ingresan con frecuencia noutros centros concertados. Existe escaso contacto clínico cos devanditos centros.

APOIO SOCIAL

- O apoio social ao paciente con insuficiencia cardíaca formúlase á alta, e iso pode prolongar innecesariamente a estanza.

GUÍAS CLÍNICAS

- Existe un seguimento insuficiente das recomendacións das guías clínicas en insuficiencia cardíaca.
- Guías que se van utilizar: *Guía Europea de Insuficiencia Cardíaca* e *Guía da AHA*, fundamentalmente.

URXENCIAS

- Os pacientes que permanecen na área de urxencias xa ingresados pendent de cama son tratados de forma heteroxénea:

Hai un acordo cos cardiólogos responsables da insuficiencia cardíaca, pero o devandito acordo non está escrito e non o coñece todo o persoal de urxencias.



Non existen acordos cos pacientes que ingresan en Medicina Interna

- Non existen criterios obxectivos de ingreso en Medicina Interna ou en Cardiología para o paciente con insuficiencia cardíaca.
- Actualmente manéxanse como hospital de día camas de urxencias. Non existe hospital de día cardiolóxico específico.

DEMORAS NA REALIZACIÓN DE PROBAS COMPLEMENTARIAS A PACIENTES HOSPITALIZADOS

- Actualmente prodúcese unha demora na realización dalgunhas probas diagnósticas cardiolóxicas aos pacientes ingresados por insuficiencia cardíaca que produce alongamentos de estancia e altas pendentes de probas. Isto parece máis frecuente cando os pacientes ingresan na área de Medicina Interna, que son a maioría dos pacientes.

REHABILITACIÓN CARDÍACA

- Actualmente non está dispoñible a rehabilitación cardíaca no hospital.

SATURACIÓN DE CONSULTAS

- Non existe unha consulta de filtro de enfermería que poida aliviar as consultas médicas. Ponse o exemplo das consultas de enfermería de Reumatoloxía, onde se comproba cumprimento terapéutico e toxicidades de tratamento.
- As consultas de enfermería de Cardiología permitirían titulación de dose, comprobación do cumprimento, educación.

NON EXISTE APOIO NUTRICIONAL

- Aínda que é esencial en moitos dos pacientes con insuficiencia cardíaca, existe un manexo inadecuado da obesidade e a nutrición.
- Existe unha Unidade de Desordes Alimentarias no Hospital de Conxo, pero non hai acordos para derivar os pacientes.

INFORMATIZACIÓN

- Existe historia clínica electrónica en consulta e hospitalización, pero non hai unha base de datos que permita a recollida uniforme de datos dos pacientes. O desexable é que a devandita base de datos fose común para Medicina Interna e Cardiología.
- Duplicidade de citas: hai pacientes que son vistos simultaneamente por Medicina Interna e Cardiología.



COORDINACIÓN ASISTENCIAL INTRAHOSPITALARIA.

- Non existe un documento de criterios de ingreso en Cardioloxía e Medicina Interna.
- Non todos os pacientes dados de alta tras o ingreso por Insuficiencia Cardíaca en Medicina Interna son enviados despois da alta á consulta monográfica do devandito servizo nin á consulta de Insuficiencia Cardíaca de Cardioloxía.
- Non hai unha zona específica para encamar os pacientes no Servizo de Medicina Interna para os pacientes con Insuficiencia Cardíaca.

DOCUMENTOS PARA RECOMPILAR OU ELABORAR

- Plan de cuidados de Enfermería en Insuficiencia Cardíaca.
- Documento de información sobre Insuficiencia Cardíaca para o paciente.
- Plan de formación da enfermería que vai realizar Educación do paciente ou Consulta de Enfermería.
- Documentos de acordos interniveis ou interservizos:
 - Criterios de derivación dende atención primaria a especializada.
 - Criterios de derivación a atención primaria dende especializada.
 - Requisitos que debe cumprir o documento de derivación dende atención primaria.
 - Requisitos que debe cumprir o informe de alta a atención primaria, dende hospitalización ou dende consulta.
 - Criterios de ingreso en Cardioloxía ou Medicina Interna.
 - Criterios de seguimento en consulta de Cardioloxía ou Medicina Interna.
 - Criterios de probas cardiolóxicas durante o ingreso en pacientes con insuficiencia cardíaca.
 - Formulario de recollida de datos para pacientes con Insuficiencia Cardíaca, tanto en formato de ingreso coma en formato de consulta externa (será unha proposta para entregarlle posteriormente ao Departamento de Informática para a súa incorporación).
 - Guías de práctica clínica de referencia no proceso (guías europeas e da AHA de Insuficiencia Cardíaca). Achégase guía canadense sobre cuidados de translación, atención primaria-especializada en insuficiencia cardíaca.





ANÁLISE DE EXPECTATIVAS
A TRAVÉS DE GRUPOS FOCAIS

XUSTIFICACIÓN

Aínda que unha enquisa posibilitaría cuantificar cantos pacientes estaban satisfeitos coa atención, cantos recomendarían o hospital, e cantos recibiron información da súa enfermeira, entre outros parámetros de importancia, non nos facilitaría información sobre que decisións se deberían tomar e sobre que aspectos concretos poden mellorar a prestación sanitaria. As técnicas cualitativas como as entrevistas e os grupos focais permítenos ampliar esta información, facilitándonos datos para a mellora continua.

En concreto, o Grupo Focal permítenos¹:

- Investigar grupos complexos.
- Alcanzar un coñecemento mais profundo sobre o tema que se vai tratar.
- Permite interactuar co entrevistado.
- Valorar as súas necesidades, preferencias, obstáculos.
- Coñecer a súa visión do problema e das solucións.
- Coñecer que pensan e como o fan.
- É útil para o desenvolvemento doutras técnicas de avaliación ou intervención.
- Respecta opcións e termos utilizados polos participantes.
- Ofrece información de alta validez subxectiva.

RESULTADOS DE OITO ENTREVISTAS A PROFESIONAIS RELACIONADOS CO PROCESO IC - CHUS

Obxectivos das entrevistas a profesionais

Explorar a opinión dos profesionais de ambos os dous niveis asistenciais que atenden a pacientes con insuficiencia cardíaca, ao longo do seu proceso asistencial, en distintos ámbitos: hospitalización, consultas externas, Urgencias, probas complementarias e Atención Primaria. Esta información será triangulada a posteriori coa solicitada a través de Grupo Focal de Usuarios e Coidadores.

¹ García Calvente, M. M. et al. *O Grupo Focal como técnica de investigación cualitativa en Saúde: deseño e posta en práctica*. 2000.



Resultados das entrevistas a profesionais

FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
<p>ACCESIBILIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • "Está mellorando actualmente, aínda que dende AP é máis difícil". • "En Urxencias se se poden ver os que teñen cita en 6 meses, e necesitan adiantala, citándoos en 1,5 ou 2 semanas". • AP: "Actualmente está funcionando moi ben a figura do consultor en especialidades como Dixestivo, Alerxia e Dermatoloxía, aínda que aínda non a temos en ICC". • AP: "Mellorou moito coa consulta específica de insuficiencia cardíaca. A demora para casos non agudos é de 1-2 meses". 	<ul style="list-style-type: none"> • "É un proceso longo e difícil para ver as descompensacións, ata que os pacientes entran na Unidade de ICC". • "A porta de entrada para ver o especialista nos pacientes que non están en programa é". • AP: "Ás veces quedamos moi preocupados, porque sabemos que estamos a dandocita para 6 meses. A alternativa é a urxencia. Aínda non dispoñemos de cardiólogo consultor". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Parece que ten máis sensación de accesibilidade á especializada, porque pensan que os especialistas saben máis que os de primaria".



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓN
<p>PERSONALIZACIÓN Sº</p>	<ul style="list-style-type: none"> • "Existe un seguimento médico por equipos en CCEE e planta". • "Existe un médico asignado en hospitalización dende o inicio". • AE: "Se segues en igual quenda, respéctase a mesma repartición de pacientes". • AE: "Valorada indirectamente nunha enquisa recente como moi positiva". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: Modelo de asignación de enfermeira referente: a enfermeira que recibe o paciente fai o ingreso en Gacela e ten que xerar todos os plans de coidados dos ingresos da súa quenda. 	<ul style="list-style-type: none"> • A distribución de pacientes é por área xeográfica. • A asignación, por enfermeira que fai o ingreso, sexa o número que sexa. • AP: Modelo de personalización por cotas médico-enfermeira (aproximadamente 1/1) que constitúen o "equipo".
<p>GARANTÍA SERVIZO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • "En hospitalización existe unha consulta de hipertensión arterial". • AE: "Parece que as competencias melloraron moito en AP, e dá a impresión de que os pacientes veñen máis controlados". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Dividiuse a poboación de AP en zonas, e existe un cardiólogo consultor para teleconsultas". • AP: "Diagnósticase ben, aínda que o manexo e resolutividade podería mellorar facilitando o acceso técnico dende primaria, como a ecocardiografía e a formación nesta". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Parece que o médico de AP se sente máis avalado cando o médico de Urgencias ou especialista cambia o tratamento. A eles cústalles cambiar as pautas postas dende AE. Parece que quen segue ao paciente é o especialista, non AP no seu domicilio". • AE: "É importante o esforzo para unha boa avaliación do proceso e os resultados".



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
SEGURIDADE	<ul style="list-style-type: none"> • Úsanse pulseiras identificativas. • "Está moi controlada no hospital". • "Existe un teléfono directo para evento adverso ou reacción adversa medicamentosa". • "Os pacientes coronarios son moi conscientes da súa enfermidade, e é moi pouco frecuente o abandono de medicación ou incumprimento". • AP: "Úsase a notificación RAM con tarxetas amarelas. Valórase a barreira arquitectónica". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "O acompañamento de familiares úsase moitas veces para previr caídas, e mellorar a vixilancia do paciente". • AE: "Estase elaborando actualmente un sistema de notificación de eventos adversos informatizado". • AP: "Non existe sistema de notificación de eventos adversos". • AP: "Si existe un sistema de notificación de eventos adversos, pero non se usa. Existe tamén na vía de notificación á farmacia de AP, pero tampouco se usa". 	
SERVIZO CONFORTABLE	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "O confort foi valorado nas enquisas como bo, salvo as axudas de custo". 		



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
<p>CONTINUIDADE ASISTENCIAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Existe a figura do consultor para outras especialidades como Dermatoloxía". • "Agora espera para ingresar en planta, pero hai 2 anos, esperaban ata 3 e 4 días para un ingreso. Xa non". • AP: "Notificáronnos por correo electrónico que xa existe un cardiólogo consultor, aínda que non existiu reunión física. Quizais sería mellor unha reunión inicial para coñecer nos persoalmente". 	<ul style="list-style-type: none"> • "Ata agora a figura do consultor especialista substituíuse por relacións persoais porque non existía". • Non existe planificación da alta dende o ingreso para as necesidades á alta. • "É necesario mellorar o traballo en equipo, sobre todo en pacientes moi complexos que se beneficiarían da aborde multidisciplinar conxunta". • "Existe moita demora para ingresar en planta. Existe unha área de preingreso, que se abre á demanda". • AP: "Melloraría os circuitos, as recomendacións compartidas á alta, a información interniveis. Enviar o paciente a primaria para a alta". • AE: "Ao non existir informe de alta nos servizos de críticos, pérdese esta información para a explotación de datos". • AE: "Existe infrarrexistro que permita o seguimento de información escrita entre a UCI e as unidades". 	<ul style="list-style-type: none"> • AP: " O equipo médico-enfermeira adoita coordinarse para atender as visitas domiciliarias e avisos". • AP: "Existen protocolos para atender a inmobilizados, HTA, diabete etc. Non existe aínda ningún específico para ICC". • AP: Segundo unha análise feita polos profesionais cos datos do SIGAP, non coñecen o 40% dos diagnosticados de ICC. Cáptanos como diabéticos, anti-coagulados etc. pero non os atenden. Supoñen que estarán sendo levados por cardiólogo de AE, pero tampouco o saben. Gustaríalles que se os informase en AE á alta de que en AP "existe o servizo e que se os controlará ben".



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
<p>COORDINACIÓN CON PRIMARIA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • "Estanse traballando guías de actuación com-partida". • AE: "O informe de alta envíase no 100% dos casos". • Traballo Social: "En primaria responden moi ben para a coordinación". • AP: "A coordinación AP-AE é boa en Santiago, porque se dá a circunstancia de que nos coñecemos persoalmente". 	<ul style="list-style-type: none"> • Aparece na maioría dos entrevistados como unha clara área de mellora. • AP: "os informes de alta chegan por correo postal, pero non lles insisten aos pacientes para que acudan ao seu médico en AP". • AP: "os informes de alta visualízanse en AP, pero máis alá diso non existe comunicación". 	<ul style="list-style-type: none"> • AP: "en setembro están previstas pequenas rotacións de médico de familia por AE, para ver as consultas específicas de insuficiencia cardíaca".



<p>SISTEMAS DE INFORMACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actualmente os informes de alta hospitalaria son telemáticos en HCE IANUS. • Estanse informatizando as urxencias. Isto permite moita accesibilidade porque o programa facilita información de CCEE, informes etc." • Existía un circuíto de información a familiares de pacientes de urxencias, pero suspendeuse". • AP: "O cardiólogo emite informes pola plataforma, e pódense visualizar dende primaria". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "o sistema de información é moi complicado para o ingreso, quita moito tempo, aínda que logo gáñalo coa información xa mecanizada". • Actualmente os informes de alta hospitalaria son telemáticos en HCE IANUS; pero se o médico de AP non está informatizado con HCE non pode visualizalo. • AP: "Só os médicos teñen acceso ao SSII IANUS, pero teñen que ter a información actualizada en IANUS e en papel, porque a enfermeira non ten acceso a IANUS, co que pode que o tratamento que está vendo non estea actualizado. Supón dobre esforzo para o médico". • AP: "As consultas están informatizadas, pero só temos acceso aos datos hospitalarios para ver as probas complementarias que colgan outros. Temos acceso á evolución diaria do hospital, pero non ao que escriben as enfermeiras de AP. Non podemos usala como historia clínica, só con carácter administrativo: IT, prescricións etc. Non se poden facer comentarios bidireccionais, non existe un paquete asistencial completo. As enfermeiras non teñen acceso a IANUS, aínda que podemos imprimirlles os tratamentos" 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Sería interesante introducir o proceso nos sistemas de información propios, para que servisen de guía, como sistema de apoio á toma de decisións, e que se usasen como avaliación posterior".
---------------------------------------	---	--	--



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
<p>ORGANIZACIÓN SANITARIA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Hospital ben estruturado • Unidade ICC: coñécense os obxectivos pactados con MI e Urgencias. • Os profesionais gozan dunha boa autonomía. • Poténciase a innovación. • Os radiólogos de urxencias informan todas as probas, o que pode provocar algún atraso. 	<ul style="list-style-type: none"> • AE:c área de mello- ra na coordinación interna entre servi- zos. • AE: solicitan a posi- bilidade de segui- mento máis estreito dos pacientes que permita previr a desestabilización. • AE: "a enfermeira que recibe un ingre- so fai no mesmo momento a valora- ción, non existe unha marxe de polo menos 24 h para a primeira valoración, o que aumenta bas- tante as cargas de traballo". • AE: "eu cambiaría o modelo de reparti- ción de pacientes: faría o ingreso no momento, pero daría unha marxe para a valoración inicial en 24 h. A valoración faríaa a enfermeira asigna- da, e esta, sería designada, segundo cargas de traballo, pola supervisora". 	<ul style="list-style-type: none"> • A distribución de pacientes é por área xeográfica. • A asignación, por enfermeira que fai o ingreso: isto non permite repartir equitativamente car- gas de traballo por necesidades de coi- dado. • Non existe reparti- ción de asignacións para xestionar os cuidados pola super- visora. • Existe un FEA Internista en urxen- cias, só en quenda de mañás. • A clasificación é rea- lizada por un facul- tativo. Non existe consulta rápida (fast-track).



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIONES
<p>CARTEIRA DE SERVICIOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Agora mesmo non se está abordando o paciente con ICC en AP, pero será doado porque están acostumados ao manexo de crónicos". • AP: "Existen xa programas para crónicos, HTA, EPOC, diabete, insuficiencia respiratoria". • "O que se atende aténdese ben, pero C.ª de S.ª é pouca, e non sempre coñecida polos pacientes". • AP: "Aumentouse hai un ano a C.ª de S.ª (p. ex. a actividade programada, Simtrom® etc). A xente maniféstase moi contenta dende entón". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Non existe unha consulta de enfermería en AP especializada no seguimento de ICC". • AE: "Unha área para desenvolver é o manexo do réxime terapéutico por enfermería en AP". • Traballo Social: "Só se traballa a demanda, non existe planificación da alta dende o ingreso. Chámante o mesmo día ou o anterior á alta, e entón xa non dá tempo a xestionar a alta a tempo". "Intentan a captación activa, pero existen dificultades polas cargas de traballo". 	<ul style="list-style-type: none"> • OPORTUNIDADE: "É necesario o seguimento doutras necesidades da familia e a sociedade, que a traballadora social podería levar, se estivese na Unidade. Facer seguimento de casos complicados, seguimento dos que faltan a citas, analizar dificultades de accesibilidade en persoas maiores que viven lonxe etc. Poderíase traballar conxuntamente con AP".
<p>FORMACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "As enfermeiras de AP están moi acostumbradas ao seguimento de crónicos e a darlles Educación Sanitaria". • AE: "Existe formación focalizada en temas concretos e gratuita". • "Existen bastantes cursos, e a accesibilidade é boa". • "A formación está cada vez mellor, pero aínda falta". 	<ul style="list-style-type: none"> • "Será necesario mellorar a formación e competencias de enfermería de AP para o manexo de pacientes ICC". • AP: "A formación adoita ser pagada e autoxestionada por cada un". • AP: "Non existe formación específica para Educación para a Saúde (EpS)". • AP: "Dificultade para os eventuais que cambian de posto para acceder á información e para formarse". • "Case non existen sesións clínicas por falta de RRHH e tempo". 	<ul style="list-style-type: none"> • "Podería existir máis formación específica sobre calidade de vida en pacientes con ICC, prognóstico, manexo etc.". • "Sería necesaria a formación en protocolos de manexo específico de pacientes con ICC, signos de alarma, detección precoz etc."



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
INVESTIGACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Moi positivamente valorada na Unidade de ICC. 	<ul style="list-style-type: none"> AP: "Agora mesmo existe pouca investigación, sobre un 5-10% dos profesionais do centro". 	
COMUNICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> Moi positivamente valorada na Unidade de ICC. AP: "O escenario é bo para a comunicación co usuario, porque se coñece e existe empatía; pero non medimos se se transmite o correcto". AP: "Mellorou moito coa consulta específica de insuficiencia cardíaca". 	<ul style="list-style-type: none"> Unidade de ICC: "A información chega polos compañeiros"; "Deberían recibir máis información de Medicina Interna. AP: "Dáse demasiada información oral, e quizais o paciente non pode entendela todo nese momento ou non reteñen en tan pouco tempo. Compénsase con accesibilidade para outras visitas". 	<ul style="list-style-type: none"> Unidade ICC: "Gustaríalles recibir a información formalmente en reunións de equipo, e enviala tamén a través delas". "É importante transmitir tranquilidade/seguridade ao paciente, algo así como -todo o tempo o hospital traballa para el, aínda que estea á espera dun servizo- para que non se sinta abandonado". "É importante presentarse ao paciente/familia, informar do estado das cousas. Que exista un responsable asignado proporciona tranquilidade, e diminúe a variabilidade".



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIONES
<p>SATISFACCIÓN E MOTIVACIÓN PROFESIONAL</p>	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Moi involucrados e con actitude de cambio positiva en CCEE, Unidade de ICC. A enfermía de hospitalización tamén". • Moi boa implicación (Unidade ICC). • AE recoñece algúns profesionais referentes de AP. • AP: "A resistencia ao cambio sería inicial, pero logo a capacidade de adaptación sería maior". 	<ul style="list-style-type: none"> • AP: "Foi mellor noutro tempo. A idade media dos profesionais rolda os 50-60 anos. Non hai iniciativas". • AP: "Os usuarios demandan cousas distintas que a empresa, por iso falta autonomía dos profesionais, orientación á realidade etc. Todo isto fai que diminúa a motivación". 	<ul style="list-style-type: none"> • "O entusiasmo, a responsabilidade, a satisfacción persoal debe ser interna de cada quen".
<p>INFRAESTRUTURAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "En xeral en CCEE ben". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Os cubículos de urxencias non foron pensados para estancias dun familiar acompañando. Agora tivéronse que facer mixtos, e non adoitan pechase as cortinas, co que a intimidade é mínima". • AE: "A sala de curas e a observación é o que está peor actualmente". • AP: "Son necesarios máis espazos para aumentar o número de consultas". 	



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
<p>RECURSOS DISPONÍBLES</p>	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Existe cobertura de absentismo do 100%". • AP: "Están aumentando moito os RRHH, para abordar novos servizos e con igual calidade, pero logo tamén teñen que cubrir as vacacións entre todos". • AP: "Teñen moitos TISS pero agora están ben dimensionadas". 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Necesítanse RRHH en xeral". • AP: "En primaria fanse intersubstitucións entre profesionais. Cóbrese o 50% das vacacións, e o 50% asúmese". • AE: "Faltan RRMM. Existe un só tensiómetro eléctrico por planta". • "Melloraría os RRMM en Traballo Social: por exemplo os ordenadores e as impresoras". • AE: "Os R1 contan nas gardas de urxencias como RRHH, pero estanse formando, e ademais vanse ao ano". • AP: "Farían falta máis médicos, as cotas son moi amplas. Tamén persoal administrativo". 	



FACTOR CRÍTICO	FORTALEZAS	DEBILIDADES	OBSERVACIÓNS
IMAXE PÚBLICA	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Supoñemos que boa, de feito veñen usuarios doutros hospitais de referencia, e la C. º S.º e recursos son moi bos". • "Hai moita xente orgullosa porque o edificio está moi ben, pero queda todo moi lonxe". • AE: "Suxeríronnos que abramos un libro de agradecementos". 	<ul style="list-style-type: none"> • "Poderíase mellorar con alguén que se ocupase de mellorar elementos de estética como os cadros, as ventás etc.". • "A xente está descontenta coa urxencia, pero acode reiterativamente, e convértese nunha porta de acceso máis ao hospital". • AP: "Hai 3 anos unha enquisa deunos os mellores resultados do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE en trato, accesibilidade... pero creo que nos valoran mellor do que realmente estamos". 	<ul style="list-style-type: none"> • "É necesario educar coa nosa actitude: é importante como se trata, como se entra no cuarto, como se saúda, como se manexan situacións conflitivas".
CULTURA DA ORGANIZACIÓN E VALORES	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Existe unha orientación cara ós resultados, ós usuarios, ao traballo de calidade e á innovación" 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Pouca orientación ao profesional" 	<ul style="list-style-type: none"> • AE: "Gustaríalles reforzar na súa organización os valores de innovación, calidade, humano e aberto"



INFORME DO GRUPO FOCAL DE USUARIOS E COIDADORES DO PROCESO IC

Obxectivos do Grupo Focal

Explorar a opinión dun grupo de usuarios e familiares de pacientes con Insuficiencia Cardíaca, atendidos no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, respecto á atención recibida en distintos ámbitos do seu proceso asistencial: hospitalización, consultas externas, urxencias, probas complementarias e atención primaria.

Descrición da metodoloxía

a. Mostra. Participantes

Seleccionouse unha mostra de usuarios que nos servise para complementar todos os perfís de atención: hospitalización, consultas externas, urxencias, probas complementarias e atención primaria. Desta forma, darlle representatividade á atención prestada en todos os ámbitos, buscando a saturación da información.

b. Unidades de análise e observación

i. Unidades de análise

1. Accesibilidade
2. Competencia
3. Personalización
4. Seguridade/confianza
5. Continuidade
6. Carteira de servizos
7. Satisfacción

ii. Unidades de observación

Utilizouse o guión como elemento para iniciar a conversación, intentando darlles resposta a todas as unidades de observación formuladas nas unidades de análise. Non foron excluíntes coa información xurdida durante o desenvolvemento do grupo, aínda que pertencesen a distintas dimensións non planificadas a priori. (Recóllese a táboa-guión no anexo 2)



Resultados do Grupo Focal de Usuarios e Coidadores

1. Accesibilidade

- a. Comentan dificultades de accesibilidade, ata que son diagnosticados e captados na consulta específica de insuficiencia cardíaca:
 - i. “Tardaron 6 meses ata que detectaron que era... Logo xa se axilizaron os trámites.
 - ii. “O problema é empezar”.
 - iii. “Cando lle puxeron o marcapasos ao meu pai, tiña revisión para o 1,5 ou 2,5 anos. Tivemos que vir 3 ou 4 veces a Urgencias. Sorte que chamaron unha rapaza do equipo de Varela. Antes non tiña moita atención”.
- b. Boa accesibilidade á consulta específica de insuficiencia cardíaca: coñecen os teléfonos para chamar e, se non, acoden directamente (todos de acordo).
 - i. “Vente mensualmente. Hai accesibilidade total para consultar dúbidas. Ao teléfono, ou véis directamente e buscas as enfermeiras”.
 - ii. “Facilidade de contacto, agora si”.
- c. “A consulta de tarde facilita mellor accesibilidade”.
- d. Cando están xa captados na consulta específica de insuficiencia cardíaca, e teñen que acudir a urxencias, aténdeos alí directamente un cardiólogo.

2. Accesibilidade a atención primaria

- Comentan que a accesibilidade é boa, ao momento ou ao día seguinte:
 - i. “Hai que pedir cita para que te vexan”.
 - ii. “Vente no momento, o médico ou a enfermeira, pero despois apúntante na lista, para que esteas apuntado como atendido”.
 - iii. “Sen problemas, ao día seguinte”.

3. Competencia

- En xeral, moi satisfeitos coa competencia de todos os profesionais do programa de ICC en consulta específica de insuficiencia cardíaca, valóranos en “12 sobre 10”.



- i. “Hai unha doutora rusa que te trata tan ben, que parece que te cura só falando!”.
- Refiren que as enfermeiras da consulta de insuficiencia cardíaca desenvolven un papel de xestoras de caso: coñecen o paciente, fan o seguimento para conseguirlle axilizar os trámites e mobilizan os recursos necesarios:
“Móvense e soluciónano todo”
“Cando chegas as dúas enfermeiras fixérono todo antes”.
- Moi satisfeitos coa forma de xestionar as probas en modalidade de acto único, e como se resolven as dificultades, grazas á xestión que realizan as enfermeiras:
 - i. “Dende aquí xestiónano todo no mesmo día da consulta, todo moi ben”
 - ii. “Calquera trámite normal se move antes”.
 - iii. “Antes pedíanse as probas dende primaria, e cada día víate un. Agora non”.
- En urxencias: en xeral satisfeitos coa atención que lle dan cando os identifican como enfermos coronarios:
 - i. “Sempre que é de corazón, aténdente moi ben”
 - ii. “Con dor torácica aténdente enseguida”.
 - iii. “Relativo: hai días que hai moita aglomeración”
- En probas complementarias:
 - i. “Unha vez non o viron porque non estaba no listado, malia que tiña o papel da cita correctamente, pero non aparecía no seu listado. Outra vez non me fixeron a proba por chegar 5 minutos tarde da hora exacta, e entón pedinlle un xustificante para o traballo e negoumo. Ao final deume cita para outro día, e tiveron que vir outro día; e estaba eu esperando que saíse a chamarme 5 minutos tarde, que me ía oír”.
- En xeral satisfeitos co trato en planta, salvo excepcións en que tiveron unha mala experiencia no trato:
 - i. “Un 90 e moito % moi ben”
 - ii. “Os rapaces moi ben”
 - iii. “Moi ben”



- iv. “Puntualmente o trato regular. Nun momento moi delicado faloume moi mal. Non custa ningún traballo tratar ben”.
 - v. “É moito tempo, e non está sempre a mesma persoa... Mirouno dende a porta e dixo: Vasme dicir como teño que tratar un paciente?”.
 - En atención primaria:
 - i. Algúns preocupados porque “nos centros pequenos, se sae o médico a un domicilio ou a un accidente, quedamos sen médico, e estamos a 50 Km do hospital.”.
 - i. Opinións dispares, algúns acoden ao seu centro de saúde e están satisfeitos e outros directamente desconfían e prefiren acudir só a especializada:
 - “O centro de saúde adáptase ao tratamento que mandan no hospital”
 - “O de cabeceira moi ben”
 - “Cando me cambian o tratamento no centro de saúde danmo por escrito e explícanmo verbalmente”.
 - “Cada médico quereche meter as súas medicinas, as dos viaxantes”.
 - “Algúns queren probar a súa medicación”.
 - “Non confío no meu médico de cabeceira, non lle deixo tocar nada”
 - “No meu caso foi moi positivo, porque me mirou todos os tratamentos, e quitoume unha pastilla que me amolaba o ril. Ademais, coñéceme dende hai anos”.
 - “Quitáronme unhas pastillas no centro de saúde porque me subían as transaminasas e deixábanme a creatinina no límite. Logo outro médico de Pontevedra díxome que si, que as tomase. Eu díxenlle o que me pasara, e díxome que -se non as queres tomar, asínsame aquí-.... Coropres eran. E tomeinas. E en 10 días estaba ingresado, inchado, e co fígado malo... Agora tomo Trangorex”.
4. Información/comunicación
- Todos coinciden en estar moi satisfeitos coa información recibida, a diferenza da que recibían antes, que xustifican pola falta de tempo dos profesionais que os atendían antes de entrar no programa ICC:



- i. “É normal que non puidesen explicarche nada, non tiñan máis de 5 minutos para atenderte”.
 - ii. “Aquí explícanche o teu caso”.
 - iii. “Os primeiros meses traía unha lista de preguntas. escoitan todo, explican todo, sen apuro de mirar o reloxo”.
- “Hai moitos carteis informativos sobre como tramitar a medicación con visado”.

5. Personalización

- En consultas, o modelo de personalización é por equipo e coñécenos a todos. Móstranse moi satisfeitos.
- “En planta, segundo as quendas, pero adoita ser a mesma enfermeira”.
- Coñecen o nome dalgúns profesionais referentes: “O meu médico é Inés Gómez”; aínda que a maioría das veces, os describen aínda que non conseguen recordar o nome do profesional ou da consulta: “A consulta ten o nome de insuficiencia cardíaca?”.

6. Seguridade/confianza

- Adóitalles xerar inseguridade ver persoal novo, sobre todo nas substitucións de verán durante as estancias hospitalarias.
- O que máis temor lles suscita é o manexo da medicación por persoal que ven novo durante o ingreso.
 - i. “O maior problema é coas substitutas de verán, teñen pouca experiencia. Tes que controlalo todo ti mesmo”.
 - ii. “Pasas tanto tempo ingresado que non sabes que facer; entón estás máis pendente de todo. Unha vez déronlle unha pastilla rosa que non me souberon dicir que era... Gustaríame que me contestasen doutra forma, con máis paciencia e cariño”.
 - iii. “Deberían formarse acompañados un mes antes”.
 - iv. “Deberían ir acompañadas. A medicación si é un risco”.
 - v. “Non te preocupes, a medicación pasa sempre polas mans dunha veterana”.
 - vi. “Teñen que aprender, que imos facer. Hai que darlles a oportunidade e mentalizarse, como cando che saca sangue unha nova”.



vii. “Ao meu pai pasoulle un caso que non estivo controlado. Mandáronlle unhas gotas tranquilizantes, e trouxéronllas unha noite que estaba durmido... pero se eran para tranquilizalo e xa está durmido! “.

- “Eu viaxo sempre cunha copia completa do meu historial” “Si, é boa idea, pero e se te pilla só e non saben que a tes ?” “Bo, por se acaso”.

7. Continuidade

- “Un gran punto positivo é que o teu historial clínico está no ordenador, e todos poden velo para atenderte”.
- “Cando chamas, calquera que atenda o teléfono, pode consultar o teu historial clínico no ordenador e resolverche a dúbida”.

a. Non parece que exista unha visita domiciliar planificada á alta, pola información ofrecida:

- i. “Non, visita á alta non”
- ii. “Decátanse que xa estás na casa cando vas a polas receitas”

b. Informes de alta

- i. “Dano sempre”
- ii. “Non”
- iii. “Chégalle ao meu médico informatizado”
- iv. “Só o que levamos nós”
5. Control do estado da función renal e electrólitos, con vixilancia estrita do balance entre achega e perdas de líquidos.
6. De forma esquemática pódese aplicar un enfoque do tratamento segundo a PAS inicial (esquema terapéutico):



Figura 4. Algoritmo de tratamento da insuficiencia cardíaca aguda na súa fase inicial.



Oxigenoterapia e ventilación.

- Considérase fundamental manter unha achega de osíxeno que permita unha saturación de osíxeno (SaO₂) de >95% e >90% en EPOC.
- Débase administrar a concentración de osíxeno ambiente (FiO₂) necesario para conseguilo, independentemente da concentración de CO₂ sanguíneo.
- Se cunha FiO₂ elevada (Ventimask con máscara a 15 l/min = FiO₂ de 60%) non se alcanzan estes obxectivos débese utilizar soporte ventilatorio axeitado, non invasivo ou invasivo.
- O uso de concentracións altas ou crecentes de osíxeno en pacientes sen hipoxemia, está contraindicado.

Asistencia ventilatoria non invasiva

A utilización de CPAP (presión positiva continua na vía respiratoria) ou de BIPAP (soporte de presión positiva de dous niveis) recoméndase cando non se consegue corrixir a hipoxemia con medidas farmacolóxicas e oxigenoterapia conven-



cional, e sempre como paso previo á intubación endotraqueal e ventilación mecánica, se as condicións o permiten.

Tamén se pode valorar a súa utilización en casos de taquipnea ($>24/\text{min}$), uso musculatura respiratoria accesoria, $\text{pH} < 7,35$ con $\text{PCO}_2 > 45 \text{ mm Hg}$ ou $\text{PO}_2/\text{FIO}_2 < 200$.

Ambas as dúas formas de ventilación non invasiva melloran a oxigenación e reducen os síntomas e signos de insuficiencia cardíaca e a necesidade de intubación.

A súa utilización precoz acompáñase dunha diminución da mortalidade e morbilidad.

Utilización con precaución en pacientes con shock cardioxénico ou fallo ventricular dereito.

Aplicar unha PEEP inicial de 5-7,5 cmH₂O, aumentando progresivamente ata 10 cmH₂O en función de resposta, utilizar $\text{FIO}_2 \geq 40\%$.

Administrar durante períodos de 30 min/h ata conseguir resolución de disnea e axeitada saturación de O₂ sen necesidade de presión positiva.

Ventilación invasiva.

Non debe usarse para revertir a hipoxemia que poida corrixirse con oxigenoterapia ou ventilación non invasiva.

Úsase para corrixir a fatiga muscular respiratoria inducida pola insuficiencia cardíaca aguda. Indicada se tras ventilación non invasiva e tratamento médico axeitado aparecen:

- Presenza de confusión mental.
- Diminución da frecuencia respiratoria.
- Hipercapnia e acidose respiratoria.
- O paciente preséntase con signos de EAP, hipoxia severa, inestabilidade hemodinámica, axitación.

Tratamento farmacolóxico

Morfina

- Induce venodilatación e discreta dilatación arterial, reducindo a insuficiencia cardíaca.



- Está recomendada sobre todo en pacientes con axitación e disnea, pero é útil no tratamento inicial das diferentes formas de insuficiencia cardíaca aguda.
- Adminístrase, tras obter unha vía venosa, en forma de bolo lento de 2 mgr e pódese repetir, se é necesario.
- Con precaución en pacientes anciáns, ou con hipotensión, bradicardia, retención de CO₂ ou bloqueo AV avanzado. Pode producir depresión do sistema nervioso central, sobre todo en pacientes con tratamentos tranquilizantes previos.

Vasodilatadores: indicados como fármacos de primeira liña, se a insuficiencia cardíaca se acompaña dunha presión sanguínea axeitada, signos de conxestión e baixa diuresis.

Nitroglicerina

- Alivia a conxestión pulmonar sen comprometer o volume de execución. Producen dilatación venosa a doses baixas, e arterial e coronaria a doses altas.
- Asociados a diuréticos de asa potencian o efecto destes.
- Indicados en todas as formas de IC aguda, e de forma preferente na síndrome coronaria aguda.
- Administración por vía oral (nitroglicerina, vernies, 0´4 mg mastigado ou sublingual ou Trinispray: 400mcg: 1-2 pulsacións cada 5 min, tres veces).
- Administración por vía intravenosa. (nitrogligecirna, solinitrina: iniciar 10-20 mcg/ mt e aumentar 5-10 mcg/mt cada 5-10 se é necesario e sempre que a PA > 90 mm Hg e ata un máximo de 200 mcg/mt. Recómendase unha titulación de dose lenta e con frecuentes determinacións de PA, para monitorizar a resposta e evitar hipotensión. Unha liña de presión arterial non é necesaria de forma rutineira, aínda que pode ser útil en pacientes con PA límite.
- Evitar en pacientes con IAM de cara diafragmática, estenose aórtica, conmoión cardioxénica, anemia intensa, trauma craneoencefálico, hemorraxia subaracnoidea e administración previa de sildenafil.

Nitroprusiato

- Vasodilatador con efecto mixto, arterial e venoso.
- Indicado en pacientes con insuficiencia cardíaca grave, con aumento predominante de poscarga, como a insuficiencia mitral ou crise hipertensiva.



- Administrar por vía intravenosa. Utilizar con precaución, iniciar con dose de 0,3 mcg/Kg/min, aumentando progresivamente ata 5 mcg/kg/min en función de resposta e PA. Recómendase unha liña arterial para monitorizar a PA. Retirada paulatina para evitar efecto rebote.
- Posibilidade de efecto tóxico polos seus metabolitos (tiocianato, cianato), e debe evitarse en casos de insuficiencia hepática ou renal asociada.
- Non está recomendado na insuficiencia asociada á síndrome coronaria aguda.

IECAs/ARA-II

- Non están indicados na estabilización precoz da insuficiencia cardíaca aguda.
- En pacientes tratados previamente con estes fármacos, deberían manterse sempre que a situación hemodinámica o permita.
- A súa utilización precoz pode estar indicada en pacientes con IC aguda en contexto dun infarto agudo de miocardio, sempre que a situación hemodinámica o permita, con especial precaución de non causar hipotensión.

Antagonistas de calcio

- Non están recomendados no tratamento da insuficiencia cardíaca aguda.

Diuréticos

- Indicados cando hai síntomas secundarios á retención de líquidos.
- Producen diminución do volume extracelular, e consecuenta da precarga.
- Os diuréticos de asa por vía intravenosa son os máis efectivos. Producen vasodilatación venosa precoz (entre 5-30 min), independente do seu efecto diurético. A doses elevadas en bolo (>1 mg/kg) poden producir vasoconstricción reflexa.
- Na síndrome coronaria aguda débense usar a doses baixas, e potenciar máis o uso de vasodilatadores.
- Dosificación:
 - Furosemida (Seguril): inicial de 20-40 mgr en bolo en ICA leve, e 40-80 mgr en ICA moderada-severa, administrando as mesmas doses cada 2-4 horas segundo resposta.



- En ICA asociada a crise hipertensiva ou EAP é preferible un bolo inicial de 1 mgr/Kg, e programar unha perfusión de furosemida de 5-40 mgr/h (dose total máxima de 480 mg/ 24 h).
 - Dosificar segundo resposta clínica. Monitorizar os niveis de Na, K e función renal, e repoñer perdas de ións (incluído magnesio).
- Resistencia a diuréticos
- Asíciase a mal prognóstico, e é mais frecuente en pacientes con insuficiencia cardíaca grave que estaban previamente tratados con diuréticos, ou nalgúns casos de depleción aguda de volume tras tratamento intensivo con diuréticos de asa.
 - Responde mellor á infusión continua de diuréticos que a bolos repetidos, e á combinación con Dopamina a doses diuréticas.
 - Pódense combinar furosemida con outros diuréticos: Espironolactona (Aldactone) 25-50 mg/24h, Hidroclortiazida: 25-50 mgr/12 h.

Axentes inotrópicos

- Indicados cando hai hipoperfusión periférica (hipotensión, función renal diminuída), con ou sen conxestión, ou edema de pulmón resistente aos diuréticos e vasodilatadores a doses óptimas.
- A súa utilización pode ser prexudicial, posto que algúns aumentan a carga de Ca intracelular e a demanda de osíxeno e pode producir isquemia, arritmias ou progresión a longo prazo da disfunción miocárdica.

Dobutamina

- Axente inotrópico positivo que actúa sobre receptores B1 e B2 e produce un aumento da contractilidade e a frecuencia cardíaca dose dependente, e diminución reflexa do ton simpático e polo tanto da resistencia vascular. A doses baixas produce dilatación arterial e diminución de poscarga, a doses altas dá lugar a vasoconstrición. Produce menor aumento da frecuencia cardíaca que outras aminas, agás en pacientes con fibrilación auricular nos que a aumenta por facilitar a conducción aurículo-ventricular. A presenza de arritmias ventriculares e auriculares é dose dependente. Elimínase rapidamente tras a suspensión da administración.
- Preferible a dopamina, aínda que se poden asociar para sumar efectos.
- Indicada cando hai hipoperfusión periférica, con ou sen conxestión pulmonar, resistente aos vasodilatadores e diuréticos.



- Tratamento inicial a dose de 2-3 mcg/kg/min, sen dose de carga, podendo chegar ata 15 mcg/kg/min.
- Pacientes tratados previamente con betabloqueantes pode ser necesario aumentar dose ata 20 mcg/kg/min, para conseguir o seu efecto inotrópico.
- A súa supresión realizarase de forma gradual (descenso en chanzos de 2 mcg/kg/min) e con optimización simultánea do tratamento oral.

Dopamina

- En doses inferiores a 2 mcg/kg/min actúa sobre receptores dopaminérxicos, reducindo as resistencias vasculares, sobre todo a nivel renal, esplácnico, coronario e cerebral. Produce aumento do fluxo renal e mellora a diurese e a resposta aos axentes diuréticos en pacientes con hipoperfusión renal. En dose >2 mcg/kg/min actúa sobre receptores B1 e produce un aumento da contractilidade miocárdica e do gasto cardíaco. En dose >5mcg/kg/min actúa sobre receptores Alfa adrenérxicos, dando lugar a un aumento das resistencias vasculares periféricas, útil en pacientes hipotensos, pero aumenta a poscarga do VI e as resistencias pulmonares.
- Úsase como inotrópico ou para aumentar a perfusión renal e a resposta aos diuréticos, pero se non se obtén resposta debe retirarse. Preferible á dobutamina en pacientes con hipotensión marcada (PAS < 90 mm Hg).

Levosimendan

- Produce un aumento da contractilidade e vasodilatación periférica e o seu efecto dura varios días.
- Indicado en ICA con gasto reducido por disfunción sistólica, sen hipotensión grave asociada, e en casos de mala resposta aos tratamentos anteriores.
- Útil en casos de pacientes previamente betabloqueados, nos que é preferible á dobutamina.
- Contraindicado en conmoción cardioxénica, arritmias non controladas ou estenose valvular grave.
- Non utilizar con PAS < 90 mm Hg.
- Dose de carga en 10 min: 6 mcg/Kg seguida, só en casos de PAS >100. No resto dos casos é aconsellable prescindir de dose de carga por risco de hipotensión, e iniciar perfusión con dose 0,05 ou 0,1 ou 0,2 mcg/kg durante 24 horas.



Axentes vasopresores

- Non indicación de primeira liña no tratamento de IC aguda. Utilízanse cando non se consegue restaurar a perfusión sistémica, a pesar de axeitada utilización de axentes inotrópicos e unha correcta reposición volume se fose necesaria.
- Noradrenalina preferible sobre a adrenalina por producir menor taquicardización.
- Xeralmente asociada a Dobutamina, en dose de 0,2-1 mcg/kg/min.
- Recoméndase o seu uso de forma temporal por aumentar as resistencias periféricas e reducir a perfusión de órganos distais.

Glucósidos cardíacos

- Non están recomendados en la IC aguda como soporte inotrópico, sobre todo tras un IAM.
- Indicados no tratamento de la IC aguda con fibrilación auricular rápida (FC repouso >100 lpm).

Betabloqueantes

- Ao igual que sucede cos IECA/ARA-II non están indicados na estabilización precoz de pacientes con insuficiencia cardíaca aguda.
- En pacientes tratados previamente con estes fármacos, deberían manterse sempre que a situación hemodinámica o permita. En ocasións (bradicardia, bloqueo AV avanzado, broncoespasmo ou conmoción cardioxénica) pode ser aconsellable reducir a dose ou mesmo suspender de forma temporal. En xeral, o tratamento non debería ser suspendido, salvo en casos de inestabilidade clínica mantida e signos de baixo gasto.

Anticoagulantes

- Non hai indicación para a utilización de heparina non fraccionada ou de baixo peso molecular na insuficiencia cardíaca aguda.
- Indicada en determinados procesos causais ou desencadeantes, como SCA, TEP, FA...


Estratexia de tratamento segundo presión arterial (figura 5)

- PAS > 100 mm Hg: osíxeno/ventilación, diuréticos, nitroglicerina se EAP, ICA hipertensiva, ou asociada a SCA.



- PAS 90-100 mm Hg: osíxeno/ventilación, diuréticos, nitroglicerina a doses baixas e valorar inotropos (dobutamina ou levosimendan).
- PAS < 90 mm Hg: osíxeno/ventilación, diuréticos, sobrecarga de volume (fluidoterapia se sospeita de precarga baixa), inotrópicos (dopamina ou dobutamina), vasoconstritores, intubación.

Figura 5 Estratexia de tratamento da insuficiencia cardíaca aguda segundo presión arterial.



Tomado de ESC Guidelines for the diagnose and treatment of acute and chronic heart failure 2008.






Figura 6 Estratexia de tratamento da insuficiencia cardíaca aguda segundo clasificación clínica.

8. VALORACIÓN DE INGRESO HOSPITALARIO

Crterios de ingreso hospitalario (criterios 1, figura 7).

1. **IC de debut:** fallo moderado a severo
2. **IC recorrente:**
 - a. Fallo severo
 - i. Edema agudo de pulmón.
 - ii. Hipotensión arterial.
 - iii. Arritmias graves.
 - iv. Anasarca ou edemas graves non susceptibles de ser resoltos en menos de 24 horas.
 - v. Hipoxia con saturación de O2 <90% a pesar de tratamento diurético intensivo durante >12 horas.
 - b. Comorbilidade grave asociada
 - i. Isquemia aguda ou infarto de miocardio.
 - ii. Infección.
 - iii. Anemia severa.



- iv. Embolismo pulmonar.
- v. Insuficiencia renal aguda.
- vi. Tirotoxicose.
- vii. Outras.

Outros criterios que suxire ingreso:

1. Apoio sociofamiliar ambulatorio inadecuado.
2. Imposibilidade de control ambulatorio.

Criterios de decisión de Servizo de Ingreso (criterios 2, figura 7)

a. Criterios ingreso en Cardiología


- IC debut sen co morbilidade asociada.
- IC recorrente en contexto:
 - Síndrome coronaria aguda.
 - Arritmia grave.
 - Valvulopatía operable.
 - Síncope de perfil cardioxénico.
 - Inestabilidade hemodinámica.

b. Criterios de ingreso en Medicina Interna

- IC de debut con comorbilidade asociada significativa que precisa estudo ou tratamento específico.
- IC recorrentes, agás casos anteriores.



Figura 7. Representación gráfica do proceso de insuficiencia cardíaca en Urxencias.





MANEXO DIAGNÓSTICO E TERAPÉUTICO

DEFINICIÓN E DIAGNÓSTICO SINDRÓMICO

Seguindo as recomendacións das guías de práctica clínica da Sociedade Europea de Cardioloxía de 2008, definimos a IC como aquela síndrome clínica que cumpre as seguintes condicións:

1. *Síntomas típicos (táboa 6)*

E

2. *Signos típicos (táboa 7)*

E

3. *Evidencia obxectiva de alteración estrutural ou funcional (táboa 8)*

Táboa 6. Síntomas típicos de insuficiencia cardíaca.

Disnea de esforzo e/ou repouso
Fatiga
Cansazo (falta de vida)
Ortopnea
Disnea paroxística nocturna
Tose nocturna

Táboa 7. Signos típicos de insuficiencia cardíaca.

Crepitantes pulmonares
Ingurxitación xugular a 45º
Taquicardia
Terceiro ruído
Taquipnea
Edemas en membros inferiores
Hepatomegalia, ascite
Oligoanuria



Táboa 8. Evidencia obxectiva de disfunción cardíaca

Cardiomegalia
Terceiro ruído
Sopro cardíaco
Disfunción en ecocardiograma
Elevación de NT-ProBNP (>400 pg/ml)
Anomalías electrocardiográficas

Para a confirmación diagnóstica é imprescindible obxectivar disfunción ventricular mediante unha técnica de imaxe, preferiblemente o ecocardiograma. Nos casos dúbidosos a resposta ao tratamento dirixido á IC pode axudar ao diagnóstico.

Diferentes sistemas de puntuación para o diagnóstico de IC, como o de Framingham (táboa 2), poden ser ferramentas útiles. Son moi específicos pero presentan unha sensibilidade baixa, o que limita a súa aplicabilidade ao conxunto dos pacientes con sospeita de IC, en especial naqueles diagnosticados no ámbito ambulatorio, cunha síndrome clínica non tan evidente.

DIAGNOSTICO ETIOLÓXICO, FUNCIONAL E FISIOPATOLÓXICO

Unha vez establecido o diagnóstico sindrómico e para completar o proceso diagnóstico sería preciso intentar definir:

1. O tipo de disfunción predominante (sistólica/diastólica).
2. Aproximación ao diagnóstico etiolóxico. As máis habituais: c. isquémica, HTA, enfermidade valvular ou conxénita, arritmias, alcohol ou fármacos.
3. Determinar a clase funcional. Habitualmente usaremos a clasificación de la NYHA.
4. Intentar identificar o factor precipitante das agudizacións. (Táboa 4).

Para poder completar o proceso diagnóstico debemos de ir dende o máis simple ao máis complexo:

1. Historia clínica (aspectos para cumprir)

1.1 Antecedentes persoais e familiares de interese:



- a. Factores de risco cardiovascular (FRCV) maiores [tabaco, HTA, DM, HLP, antecedentes familiares de cardiopatía isquémica precoz (varóns <55 anos, mulleres <65 anos)].
- b. Hábitos tóxicos (alcohol e outras drogas).
- h. Enfermidade cardiovascular previa (cardiopatía, ictus, arteriopatía periférica, nefropatía, retinopatía).
- i. Tratamentos previos (tratamento cardiolóxico, e de FRCV, de EPOC e posibles desencadeantes como AINE, antidepressivos, antiarrítmicos, citotóxico, radioterapia).
- j. Antecedentes familiares de morte súbita ou cardiopatía.
- k. Outras co morbilidades: EPOC. Insuficiencia renal, patoloxía tiroidea, outras.

1.2 Síntomas:

- a. Disnea/fatiga. Clasificación NYHA.
 - a. Clase I, non síntomas con actividade cotiá (limitación para subir máis de 2 pisos de escaleiras?).
 - b. Clase II, síntomas con actividade cotiá (limitación para subir máis de 1 piso de escaleiras?)
 - c. Clase III, síntomas con actividade inferior a cotiá (limitación ao vestirse, ao asearse, ir ao baño?).
 - d. Clase IV, síntomas en repouso.
- b. Ortopnea si/non.
- c. Disnea paroxística nocturna si/non.
- d. Edemas, aumento perímetro abdominal, diminución da diuresis.
- e. Dor torácica, palpitacións ou síncope si/non.

2. Exploración física para realizar en pacientes con sospeita ou diagnóstico de IC:

- a. Constantes vitais: TA, FC, frecuencia respiratoria.
- b. Peso, talle e perímetro abdominal.
- c. Determinar perfusión periférica: pel (fría/suorenta ou quente/seca), cianose, vasoconstricción.



d. Auscultación cardíaca

Determinar ritmicidade

Explorar presenza de sopros e extratóns.

e. Explorar signos de hipertensión venocapilar pulmonar.

Crepitantes: uni/bilaterais, nivel ata o que se auscultan.

Diminución de murmurio vesicular en bases.

f. Explorar signos de hipertensión venosa sistémica.

IVY a 45º.

Refluxo hepatoxugular.

Hepatomegalia.

Signos ascites (matidez flancos, signos de onda...)

Edemas EE.II, bilaterais, nivel ata o que chegan.

3. Probas complementarias básicas

3.1 Analítica: hemograma completo e fórmula. Bioquímica con glicemia, electrólitos séricos (Na,K, Ca, Mg), probas de función hepática e renal (estimación por fórmula de FG), perfil lipídico completo, hormonas tiroideas, ferrocínica (en especial en pacientes con anemia). En pacientes diabéticos: HbA1c. Estudo de coagulación. Analítica de ouriños e sedimento.

3.2 Biomarcadores: BNP, Pro BNP. Naqueles pacientes que ofrezan dúbidas diagnósticas, poden ser útiles polo seu alto valor predictivo negativo.

3.3 Outros estudos: en pacientes moi concretos: miocardiopatía dilatada idiopática ou hipertrófica valorar estudo xenético, prácticas de risco para VIH (seroloxía VIH), enfermidades tecido conectivo (VSG, ANA, ANCA, FR). Despiste diagnóstico en sospeita de enfermidades de depósito.

3.4 ECG: débese realizar inicialmente en todos os pacientes con sospeita de IC, e en calquera momento ante situacións de empeoramento clínico ou sospeita de isquemia aguda. Identifica a posible etioloxía da IC e axuda ao tratamento específico (trastornos do ritmo, HVI, isquemia, alteracións da condución). Permite guiar terapias específicas (resincronización ventricular).

Non existe ningún un achado electrocardiográfico específico de IC, aínda que un ECG normal fai improbable o diagnóstico de IC (táboa 3).



3.5 Radiografía de tórax: debe realizarse inicialmente en todos os pacientes con sospeita de IC, e en calquera momento se hai empeoramento clínico (táboa 4).

Permite detectar cardiomegalia, confirma conxestión pulmonar, e permite avaliar outras causas de disnea (EPOC, enfisema, pneumonía, TEP).

3.6 Ecocardiograma: débese realizar:

- En todos os pacientes con sospeita de IC para confirmar o diagnóstico.
- En situacións de evolución clínica desfavorable, sen causa desencadeante aparente.
- Naqueles casos nos que sexa previsible un cambio significativo na súa función ventricular (alcohólicos, hipertensos, miocardite...).
- Sempre que a súa realización poida condicionar un cambio na actitude terapéutica.

Nos pacientes hospitalizados, nos que esta indicado, deberíase realizar preferentemente durante o ingreso hospitalario. En caso de non poder ser realizado debe solicitarse á alta.

Permite confirmar o diagnóstico de IC (evidencia a disfunción sistólica e/ou diastólica). Distingue entre IC sistólica/ diastólica. Permite aproximarse á etioloxía da IC (HVI, valvulopatías, anomalías contractilidade segmentaria).

Táboa 9. Achados frecuentes no ecocardiograma de pacientes con insuficiencia cardíaca.

Función sistólica deprimida (FE <50%)
Hipertrofia ventricular esquerda (SIV >11-12 mm)
Valvulopatías significativas (estenose aórtica, insuficiencia mitral)
Alteración relaxación ventricular (E/A <1, TDE >250 mseg, E/E`>8)
Alteración da distensibilidade (E/A >2, TDE <150, E/E`>16)
Dilatación de aurícula esquerda
Dilatación e hipocinesia de cavidades dereitas, PSP >40 mmHg
Dilatación de vea cava e suprahepáticas
Derramo pericárdico




4. Forma fisiopatolóxica de insuficiencia cardíaca

A fracción de exección do ventrículo esquerdo permítenos diferenciar dous grandes tipos de IC, con fracción de exección deprimida e con fracción de exección normal, que teñen un manexo terapéutico diferente.

Utilizarase como punto de corte para diferenciar ambas as dúas formas o 50% de FEVI, así teremos IC con FE deprimida cando a FEVI sexa menor do 50% e IC con FE normal nos casos con FEVI igual ou maior do 50%.

Para o diagnóstico de IC con FEN asúmense os criterios propostos no documento de consenso da ESC 2007 no que se propón o seguinte algoritmo.

Figura 8. Algoritmo de diagnóstico de IC con FE normal.



5. Probas complementarias adicionais

5.1 **CORONARIOGRAFÍA:** indicada nos seguintes casos:

- Antecedentes de enfermidade coronaria e/ou dor torácica e debut de IC.
- IC en contexto de síndrome coronaria aguda.
- Presenza de varios factores de risco para enfermidade coronaria e disfunción ventricular esquerda.
- Sospeita de isquemia miocárdica por achados ecocardiográficos ou ante a falta de resposta adecuada ao tratamento, en pacientes con disfunción sistólica.



- Presenza de calquera valvulopatía significativa que se considere candidata a cirurxía.
- Calquera paciente con insuficiencia cardíaca e disfunción ventricular sistólica en quen se considera a posibilidade de revascularización.

5.2 **ECO-ESTRÉS:** estará indicada a súa realización nos seguintes casos:

- Como test de viabilidade en casos seleccionados de enfermidade coronaria e disfunción sistólica nos que se formule revascularización, especialmente se esta é cirúrxica.
- Na avaliación da severidade de determinadas valvulopatías.

Non indicado para detectar isquemia en pacientes con IC e disfunción sistólica (escasa sensibilidade e especificidade).

5.3 **GAMMAGRAFÍA DE ESTRÉS:** estará indicada a súa realización nos seguintes casos:

- Como técnica alternativa para valoración de volumes e función ventricular (ventriculografía isotópica).
- Como test de viabilidade en casos seleccionados de enfermidade coronaria e insuficiencia cardíaca sistólica.

Non indicada para detectar isquemia en pacientes con IC e disfunción sistólica (escasa sensibilidade e especificidade).

5.4 **RESONANCIA CARDÍACA:** indicada a súa realización nos seguintes casos:

- Pacientes nos que o ecocardiograma non achegue a información necesaria en canto a volumes-función ventricular.
- Indicada para busca de isquemia-viabilidade en determinados pacientes.
- Indicada no diagnóstico etiolóxico de determinados casos (enfermedades infiltrativas, de depósito, inflamatorias, cardiopatías conxénitas etc.).

5.5 **TAC MULTICORTE:** indicado en casos seleccionados para o diagnóstico non invasivo de enfermidade coronaria (baixa ou intermedia probabilidade pretest).

5.6 **BIOPSIA ENDOMIOCÁRDICA:** indicada a súa realización nos seguintes casos:

- IC aguda ou fulminante con rápida deterioración clínica, sobre todo se cursa con arritmias ventriculares ou BAV.
- Pacientes que non responden ao tratamento convencional ou se se sospeita hemocromatose, amiloidose, sarcoidose ou miocardite eosinofílica.



TRATAMENTO DA INSUFICIENCIA CARDÍACA

Os principais obxectivos do tratamento dos pacientes con insuficiencia cardíaca (IC) son:

- Reducir a mortalidade.
- Evitar as recaídas e os reingresos.
- Previr a progresión da enfermidade.
- Suprimir ou minimizar os síntomas.
- Mellorar a capacidade funcional e da calidade de vida.

De todos eles, os obxectivos fundamentais serán mellorar a supervivencia, nunha entidade con elevadas taxas de mortalidade, e previr as descompensacións. Para iso, aseguraremos que se apliquen todas as estratexias terapéuticas, farmacolóxicas ou non que demostraron un beneficio prognóstico neste tipo de pacientes.

Un aspecto esencial, unha vez establecido o diagnóstico de certeza de IC, é detectar os factores precipitantes ou agravantes potencialmente reversibles, que en moitas ocasións son os que desencadean os síntomas clínicos de IC, empeoran o grao funcional e motivan o ingreso hospitalario (táboa 4).

Ao planificar a estratexia terapéutica en IC habemos de contemplar diversos aspectos:

1. Tratamento non farmacolóxico.
2. Tratamento farmacolóxico.
3. Tratamento cirúrxico e con dispositivos médicos.
4. Tratamento de comorbilidades e entidades específicas.
5. Recomendacións na fase terminal da enfermidade.

Un aspecto que vai condicionar a abordaxe terapéutica é a **forma fisiopatolóxica de IC, con FE deprimida e con FE normal**. As diferenzas van radicar no tratamento farmacolóxico e cirúrxico ou con dispositivos médicos, mentres que os aspectos de tratamento non farmacolóxico, tratamento de comorbilidades e recomendacións para a fase terminal da enfermidade son aplicables a ambas as dúas formas de IC.



1. Tratamento non farmacolóxico

As medidas terapéuticas non farmacolóxicas constitúen un pilar básico no tratamento da IC. Os dous aspectos esenciais son o autocoidado do paciente e a adherencia ao tratamento e en ambos os dous casos. A ferramenta básica para conseguilos proporciona a educación sanitaria.

O **autocoidado** debe contemplar os seguintes aspectos:

- Accións destinadas a manter a estabilidade física.
- Evitar comportamentos que puidesen empeorar a enfermidade.
- Coñecemento e identificación precoz de síntomas ou signos de deterioración ou descompensación.

Na **adherencia ao tratamento** xogan un papel esencial a proximidade do persoal sanitario (médicos e enfermeiras) e o apoio dos servizos sociais.

Para conseguir ambos os dous obxectivos débese asegurar que o paciente e os seus cuidadores participen no **programa educativo** deseñado para tal efecto (anexo 5).

Medidas dietéticas e recomendacións de hábitos de vida.

1.1 Dieta

- **Hiposódica** norma básica no tratamento da IC (problema máis importante na IC avanzada que na IC leve). Na IC avanzada a dieta sen sal debe ser estrito e recoméndase unha restrición a 1,5-2 gr/día. Na IC leve-moderada é suficiente unha dieta de 3 g de Na/día (evitar os alimentos salgados, non utilizar sal de mesa nin alimentos enlatados ou precociñados).
- **Restrición hídrica**. Aconséllase restrición de líquidos a 1,5-2 l/día en pacientes con síntomas graves. Non indicada en pacientes con síntomas leves ou moderados.
- **Dieta hipocalórica**. Indicada en pacientes con obesidade.

1.2 Control diario do peso: recomendar control do peso de forma regular, en especial en pacientes sintomáticos e con descompensación recente ou frecuentes episodios. En caso de aumento de peso >2 Kg en 3 días, aumentar a dose de diuréticos e consultar co médico ou coa enfermeira.

1.3 Hábito tabáquico: en todos os casos debe suprimirse o hábito tabáquico.



1.4 Alcohol: esencial a abstinición de alcohol en pacientes con sospeita de miocardiopatía alcohólica, e recomendable en todo paciente con IC. En calquera caso, non superar a cantidade de 40 g/día en homes e de 30 g/día en mulleres.

1.5 Exercicio: debe indicarse repouso só en pacientes inestables ou con IC avanzada (clase IV de la NYHA). Debe fomentarse o exercicio en todos os pacientes estables (clase II-III de la NYHA). O exercicio aeróbico regular mantido (andar ou montar en bicicleta, 30 minutos, 3-4 veces/semana) mellora o estado físico e psicolóxico dos pacientes. Toda actividade física debe estar limitada pola aparición dos síntomas. Hai que evitar os exercicios isométricos.

1.6 Actividade sexual: non debe restrinxirse, salvo en casos síntomas avanzados ou IC descompensada. Acomodala segundo a tolerancia ao exercicio.

1.7 Consellos xerais:

- Vacinas: recomendar a vacina antigripal anual e a antineumocócica (unha vez).
- Viaxes: desaconsellables as viaxes longas (risco de TVP, aumento de edemas... principalmente en pacientes con IC de clases III e IV). Os destinos con climas cálidos e húmidos non son recomendables.
- Actividade socio-laboral: tratar de que continúen coa súa actividade laboral, adaptándoa se é preciso á súa capacidade física.
- Embarazo: contraindicado polo alto risco de morte materno-fetal nas pacientes con IC clases III-IV. Os anticonceptivos orais son un método seguro, sendo igualmente útil o DIU (agás en valvulopatías polo risco de infeccións e/ou de sangrado en relación coa toma de anticoagulantes orais).
- Utilizar con precaución ou evitar fármacos de tipo:
 - Antiinflamatorios non esteroideos (AINES) e inhibidores da ciclooxixenasa (COX).
 - Antiarrítmicos de clase I.
 - Calcioantagonistas (verapamilo, diltiazem en IC sistólica e derivados dihidropiridínicos de acción curta).
 - Antidepressivos tricíclicos.
 - Corticoides.
 - Litio.



2. Tratamento farmacolóxico.

2.1 Tratamento Farmacolóxico en IC con fracción de exección deprimida.

2.1.1 Inhibidores da encima conversora da angiotensina (IECA).

Os IECA melloran a supervivencia, os síntomas, a capacidade funcional e reducen as hospitalizacións dos pacientes con IC. Considérase que o efecto dos IECA é un efecto de clase, aínda que se recomenda o uso daqueles fármacos que demostraron beneficio nos ensaios clínicos. As doses de IECA axustaranse baseándose nas doses efectivas utilizadas nos ensaios clínicos (táboa 10) e non en relación coa melloría dos síntomas. Se non poden usarse ou se toleran mal estas doses recomendadas deben utilizarse doses intermedias.

Indicacións:

- Función sistólica ventricular reducida (FE <40-50%), independentemente dos síntomas e da etioloxía, tan pronto como sexa posible.

Contraindicacións:

- Historia de anxioedema (recoméndase gran precaución ao substituír o tratamento por un ARAII, xa que tamén poden producir esta complicación).
- Estenose da arteria renal bilateral.
- Insuficiencia renal grave (creatinina plasmática superior a 3 mg/dl).
- Estenose aórtica severa.

Precaucións especiais:

- Insuficiencia renal significativa (creatinina plasmática superior a 2,5 mg/dl).
- Hiperpotasemia significativa (K >5 mmol/L).
- Hipotensión sintomática ou severa asintomática (TAS <90 mmHg).

Recomendacións de uso:

- Monitoraxe da PA antes de cada incremento de dose.
- Iniciar o tratamento con doses baixas e incrementalas de forma progresiva (dobrar a dose a intervalos de 2-4 semanas ou máis rápido en pacientes hospitalizados ou baixo vixilancia estreita). Intentar alcanzar as doses máximas utilizadas nos estudos ou se non é posible as máximas toleradas.
- Desaconsellar o uso prolongado de AINE en combinación con IECA.
- Monitoraxe regular da función renal:



- Antes do inicio do tratamento.
- Unha ou dúas semanas despois de cada incremento de dose e a intervalos de 3-6 meses tras alcanzar a dose de mantemento.
- Nos pacientes con disfunción renal pasada ou presente, con alteración dos electrólitos, realizaranse controis máis frecuentes.
- Cando se inician novos tratamentos que poidan afectar a función renal (antialdosterónicos, bloqueadores dos receptores de anxiotensina...)
- Durante calquera hospitalización.

Táboa 10: Diferentes IECA e doses recomendadas

IECA	Dose de inicio	Dose de mantemento
Captopril	6,25 mg/8 horas	25-50 mg/8 horas
Enalapril	2,5 mg/12 horas	10 mg/12 horas
Lisinopril	2,5 mg/día	20-40 mg/día
Quinapril	5 mg/12 horas	20 mg/12 horas
Ramipril	1,25 e 2,5 mg/día	2,5-5 mg/12 horas
Trandolapril	0,5-1 mg/ día	4 mg/ día
Perindopril	1-2 mg/ día	8-16 mg/día
Fosinopril	5-10 mg/día	40 mg/ día

Táboa 11. Posibles problemas no manexo da medicación e solucións.

Hipotensión asintomática	Habitualmente non require ningún axuste de tratamento.
Hipotensión sintomática	Considerar a retirada doutros fármacos vasodilatadores (calcioantagonistas, nitratos). Considerar reducir dose de diuréticos.
Tose	Considerar outras posibles etioloxías (EPOC, reagudización de IC etc). Substituír por ARA II.
Empeoramento de insuficiencia renal	É aceptable un incremento de creatinina de ata o 50% do valor basal ou de ata 3 mg/dl (que aconteza antes). É aceptable un incremento de K de ata 5.5 mmol/L. Se se produce un incremento excesivo de creatinina ou K considerar retirada de fármacos concomitantes (AINE, espironolactona, eplerenona, amilorida). Se persisten valores elevados reducir a dose de IECA á metade e reavaliar en 1-2 semanas. Ante un incremento de K>5.5 ou de creatinina >100% ou de 3.5 mg/dl considerar a retirada de IECA.



2.1.2 Betabloqueantes (BB)

Actualmente, os BB (bisoprolol, carvedilol, succinato de metoprolol e nebivolol) considéranse fármacos de primeira liña no tratamento da IC. A magnitude do beneficio obtido cos BB na IC é similar ou mesmo maior á obtida co uso de IECA. A asociación de IECA e BB confire unha redución de mortalidade con respecto ao tratamento illado con IECA. O tratamento con BB reduce os ingresos (cardiovasculares globais e por IC), mellora a clase funcional, a función ventricular e aumentan a supervivencia. Estes efectos beneficiosos observáronse de forma consistente en subgrupos de diferente idade, sexo, clase funcional, FEVI e etioloxía (isquémica ou non). Sempre que sexa posible, debería iniciarse o tratamento con BB antes da alta nos pacientes hospitalizados por IC.

Indicacións:

- IC con depresión da función ventricular, en clase funcional II a IV, de calquera etioloxía.
- Disfunción ventricular esquerda post IAM ($FE \leq 40\%$).

Contraindicacións:

- Asma bronquial (o EPOC non é unha contraindicación).
- BAV 2.º e 3.º, enfermidade do nodo sinusal e bradicardia sinusal (<50 lpm).

Precaucións especiais:

- Presenza de signos conxestivos (IVY, ascite, edemas de MMII).
- Hipotensión sintomática ou severa asintomática (INCRE <90 mmHg).

Recomendacións de uso:

- Os pacientes deberían estar tratados con IECA ou ARA II, salvo contraindicacións.
- Monitoraxe de la PA e la FC antes de cada incremento de dose.
- Iniciar doses baixas e incrementalas de forma progresiva (dobrar a dose a intervalos de 2-4 semanas). Intentar alcanzar as doses máximas utilizadas nos estudos ou se non é posible as máximas toleradas (táboa 12).
- Control bioquímico 1-2 semanas tras o inicio e 1-2 semanas tras alcanzar a dose de mantemento.



Táboa 12. Diferentes BB e doses recomendadas.

Fármaco	Dose de inicio (mg)	Incremento (mg)	Mantemento (mg)
Bisoprolol	1,25 c/24 h	2.5/3.75/5/7.5/10	10 c/24 h
Carvedilol	3,125 c/12 h	6.25/12.5/25	25-50 c/12 h
Nebivolol	1,25 c/24 h	2.5/5/10	10 c/24 h
Metoprolol succinato	12,5-25 c/24 h	25/50/100/150/200	200/24 h

Táboa 13. Posibles problemas e solucións no manexo dos betabloqueantes.

Hipotensión asintomática	Habitualmente non require ningún axuste de tratamento.
Hipotensión sintomática	Considerar a retirada doutros fármacos vasodilatadores (calcioantagonistas, nitratos). En ausencia de signos conxestivos considerar reducir dose de diuréticos ou IECA.
FC baixa	Se <50 lpm valorar: realizar ECG para excluír BAV, retirada doutros fármacos (digoxina, amiodarona), reducir á metade a dose de BB.
Empeoramento de signos/síntomas conxestivos	Aumentar a dose de diurético. Se non mellora reducir á metade a dose de BB ou retiralos se a deterioración é moi importante.

2.1.3 Diuréticos

Os diuréticos son esenciais para o tratamento sintomático en presenza de sobrecarga de líquidos (conxestión pulmonar ou edema periférico). O seu emprego resulta na rápida melloría da disnea e aumento da capacidade de exercicio. Debe evitarse a monoterapia con diuréticos e administrarse en combinación con IECA e BB, se son tolerados. Os diuréticos convencionais provocan unha clara activación neurohormonal que non é beneficiosa en canto a progresión da enfermidade cardíaca, e débese intentar utilízalos só na medida de que existan signos/síntomas conxestivos e non como tratamento de fondo de la IC.

Indicacións:

- Aparición de signos/síntomas de retención hidrosalina (disnea, ortopnea, edemas, aumento de peso, ingurxitación xugular etc.)



Recomendacións de uso:

- Os diuréticos de asa son máis eficaces que as tiacidas para restaurar un estado de volume normal.
- Iniciar cunha dose baixa e ir incrementando ata que desaparezan os signos/síntomas conxestivos.
- Vixiar a función renal e electrólitos.
- En casos refractarios a doses altas de diuréticos de asa considerar asociar tiacidas a doses baixas. En caso de usar doses altas ou combinacións de diuréticos vixiar máis estreitamente función renal e electrólitos.
- É recomendable adestrar o paciente e a familia no autoaxuste dos diuréticos guiado por control diario de peso (se a ganancia é de 1-2 kg en 2-3 días, dobrar a dose de diurético ata volver ao peso inicial).

Táboa 14. Diuréticos e dosificación

Fármaco	Dose de inicio (mg)	Dose máxima (mg)
Furosemida	20-40	160-200
Torasemida	5-10	100-200
Hidroclorotiazida	25	50-75
Indapamida	2.5	5
Amilorida	2.5	20

Táboa 15. Posibles problemas no manexo de diuréticos e solucións

Hipopotasemia hipomagnesemia	Asociar antialdosterónicos, suplementos de potasio, aumentar dose de IECA/ARA II.
Hiponatremia	Restrición hídrica, suspender tiacidas, reducir dose de diurético de asa.
Resposta diurética insuficiente	Insistir en restricción de sodio e auga, aumentar dose de diuréticos de asa e pautar dúas veces ao día, asociar antialdosterónico, combinar con tiacida a doses baixas, considerar diurético iv.
Empeoramento de insuficiencia renal	Descartar signos/síntomas de deshidratación/hipovolemia, excluír uso de fármacos nefrotóxicos (AINE), suspender antialdosterónicos, considerar reducir dose IECA/ARA II.



2.1.4 Antialdosterónicos

Recoméndase o tratamento con antagonistas da aldosterona, ademais de IECA, BB e diuréticos, na IC avanzada (clase III-IV de la NYHA), con disfunción sistólica. O tratamento con antialdosterónicos reduce a mortalidade e os ingresos por descompensación de insuficiencia cardíaca. Nos pacientes hospitalizados por IC que teñan indicación deberían ser introducidos antes da alta.

Indicacións:

- Todos os pacientes con FE \leq 35% e IC severamente sintomática (clase III-IV NYHA) tratados con doses óptimas de IECA (ou ARA II) e BB. Indicada espirolactona. eplerenona só indicada en casos de intolerancia a espirolactona por efectos secundarios tipo xinecomastia ou mastodinia.
- Insuficiencia cardíaca postinfarto de miocardio e FE \leq 40%. Indicada eplerenona.

Contraindicacións:

- Hiperpotasemia significativa (K>5 mmol/L).
- Insuficiencia renal significativa (creat >2,5 mg/dl).
- Uso concomitante de IECA e ARA II.

Recomendacións de uso:

- Comezar a doses baixas (25 mg de espirolactona/eplerenona).
- Considerar dobrar a dose ás 4-8 semanas (ata unha dose máxima de 50 mg), sempre que non exista deterioración de función renal ou hiperpotasemia.
- Control estreito de función renal e electrólitos (semanas 1 e 4; meses 2, 3 e 6; e cada 6 meses a partir de entón).

Táboa 16. Antialdosterónicos e doses recomendadas

Fármaco	Dose de inicio (mg)	Dose de mantemento (mg)
Espironolactona	12.5-25	25-50
Epleronona	25	50



Táboa 17. Posibles problemas no manexo de antialdosterónicos e solucións

Hiperpotasemia	Se $K > 5.5$ mmol/L reducir dose á metade ou pautar a días alternos. Se $K > 6$ mmol/L suspender espironolactona/eplerenona e vixiar estreitamente.
Empeoramento de función renal	Se incremento de creatinina > 2.5 mg/dl, reducir dose á metade ou pautar a días alternos. Se incremento de creatinina > 3.5 mg/dl suspender espironolactona/eplerenona e vixiar estreitamente.
Mastodinia/xinecomastia	Substituír espironolactona por eplerenona.

2.1.5 Antagonistas do receptor da angiotensina II (ARA-II).

Ara II están indicados en pacientes con IC e FE $\leq 40\%$ que persistan sintomáticos a pesar do correcto tratamento con IECA e BB, sempre e cando non estean a tomar antialdosterónicos (indicación clase I). Deben tamén utilizarse como alternativa terapéutica en pacientes intolerantes a IECAs (indicación clase IIa).

Os riscos do emprego de ARA II son similares aos atribuídos a IECA (hipotensión, disfunción renal, hiperpotasemia) salvo que non provocan tose.

Indicacións:

- IC con FE $< 40\%$ que persiste sintomático, clase II a IV, a pesar do tratamento con IECA e BB.
- IC sintomática con intolerancia a IECA.

Contraindicacións:

- As mesmas que para os IECA, salvo o anxioedema.
- Uso combinado de IECA e antialdosterónicos.

Recomendacións de uso:

- As mesmas que para os IECA.



Táboa 18. ARA II en IC e doses recomendadas.

Fármaco	Dose de inicio (mg)	Dose de mantemento (mg)
Candesartan	4-8 c/24 h	32 c/24 h
Valsartan	20-40 c/12 h	160 c/12 h
Losartán	25-50 c/24 h	50-100 c/24 h
Irbesartan	150 c/24 h	150-300 c/24 h

2.1.6 Digoxina:

A Digoxina ten un leve efecto de melloría do estado sintomático en pacientes con IC clínica, mellora a función ventricular e reduce os ingresos hospitalarios, pero non ten efecto sobre a supervivencia.

Indicacións:

- IC e Fibrilación auricular:

En pacientes con IC descompensada e FA rápida (FC >80 lpm) para o control da frecuencia ventricular antes do inicio do tratamento betabloqueante.

En combinación con BB para o control de la FC a longo prazo (obxectivos: FC repouso <80 e FC con exercicio <110-120) en pacientes con FE <40% (a digoxina illada é insuficiente para o control da FC durante a actividade física).

- IC e ritmo sinusal:

Persistencia de síntomas (clase II a IV) a pesar de doses óptimas de IECAs, BB e antialdosterónicos (se indicados).

Contraindicacións:

- Bradicardia (<50 lpm).
- Bloqueo auriculoventricular de segundo e terceiro grao.
- Enfermidade do nodo sinusal.
- Síndrome do seo carotídeo.
- Síndromes de pre excitación (Wolff-Parkinson-White).
- Miocardiopatía hipertrófica obstrutiva.
- Alteracións do potasio (impo-hiperpotasemia).

Recomendacións de uso:



- A dose de Digoxina oral diaria adoita ser de 0,125-0,25 mg se a creatinina sérica se atopa no rango normal (nos pacientes anciáns e con insuficiencia renal deben usarse doses menores: 0,0625-0,125 mg).
- Realizar unha determinación de digoxinemia ao principio do tratamento e intentar manter en rango baixo (0,6-1,2 ng/ml).

2.1.7 Hidralazina e dinitrato de isosorbida.

En pacientes con IC sintomática e FE <40% en caso de intolerancia aos IECA e ARA-II, pódese probar a combinación de hidralazina/nitratos para reducir a mortalidade, os ingresos por descompensación de IC e mellorar a calidade de vida. Tamén podería considerarse o seu uso ante a persistencia de síntomas a pesar de doses óptimas de IECA, BB e ARA II ou antialdosterónicos, de cara a reducir a mortalidade.

Dosificación:

- Iniciar dose hidralazina 25 mg e dinitrato de isosorbide 20 mg cada 8 horas.
- Aumentar dose ás 2-4 semanas se non existe hipotensión sintomática, ata alcanzar dose recomendada de hidralazina 75 mg e dinitrato de isosorbide 40 mg cada 8 horas, ou alcanzar dose máxima tolerada.

Efectos secundarios máis frecuentes nos ensaios clínicos nos que se utilizou esta asociación foron, cefalea, mareo/hipotensión e náuseas. As artralxias obrigaron a suspender ou reducir a dose de hidralazina en 5-10% dos pacientes. A síndrome pseudolúpica foi infrecuente.

Contraindicacións:

- Hipotensión.
- Síndrome lúpica.
- Insuficiencia renal grave.

Táboa 19. Posibles problemas no manexo de hidralazina e dinitrato de isosorbida e solucións.

Hipotensión sintomática (mareo)	Adoita mellorar co tempo. Valorar reducir dose doutros fármacos hipotensores, agás IECA/ARA-II, betabloqueantes ou antialdosterónicos. Reducir dose se persiste.
Artralxias, mialxias, artrite, pericarditis, pleuritis, erupción cutánea ou febre	Considerar posibilidade de síndrome lúpico inducido por fármacos, medir niveis de anticorpos antinucleares e suspender asociación hidralazina+dinitrato de isosorbide.



2.1.8 Outros fármacos en insuficiencia cardíaca:

Antagonistas do calcio

- En termos globais, hai moi pouca evidencia de ningún beneficio derivado de utilizar antagonistas do calcio en ela IC. Dos axentes dispoñibles, só o amlodipino demostrou de forma convincente ser un fármaco seguro e posiblemente beneficioso (polo menos en pacientes con etioloxía non isquémica). Poderíase valorar o seu uso para control anxina ou en pacientes nos que con doses máximas toleradas de IECA e betabloqueante non se conseguiran obxectivos de control de TA.
- Os calcioantagonistas do tipo diltiazem e verapamilo non están recomendados nas IC con FE deprimida e está contraindicado se se administran BB.
- A adición de novos calcioantagonistas (felodipino, amlodipino) ao tratamento convencional da IC -aínda que con efecto neutral en canto á supervivencia-, poden supoñer unha alternativa para o tratamento da HTA ou da anxina non controlada por nitratos e BB.

Amiodarona

- A amiodarona, xunto cos betabloqueantes son os antiarrítmicos de elección en IC con FE deprimida.
- É eficaz ante a maioría das arritmias supra e ventriculares e representa o único antiarrítmico que non produce efectos inotrópicos negativos clinicamente relevantes. Pode restaurar e manter o ritmo sinusal en pacientes con IC e FA ou mellorar os resultados da cardioversión eléctrica constituíndo o antiarrítmico de elección nesta situación.

Anticoagulantes orais


- Aínda que os pacientes con IC teñen un maior risco de eventos tromboembólicos, e posiblemente un aumento de factores procoagulantes, non se xustifica a anticoagulación sistemática só pola presenza de IC.

Indicacións:

- IC e FA (paroxística, persistente ou permanente) sempre que non existan contraindicacións
- Evidencia de trombos intracavitarios.
- Portadores de próteses valvulares metálicas.



Esquema de tratamento farmacolóxico da insuficiencia cardíaca con fracción de exección deprimida.



2.2 Tratamento farmacolóxico en IC con fracción de exección normal.

Ata o momento ningún fármaco demostrou, de forma convincente, diminuír a mortalidade e a morbilidade en pacientes con IC e fracción de exección normal.

Como primeira medida hai que identificar e tratar a causa da DD: cardiopatía isquémica, HTA, miocardiopatía hipertrófica, restritiva, infiltrativa etc.

Fundamental conseguir obxectivos de control de HTA. En pacientes con hipertrofia ventricular esquerda o obxectivo de PA debe ser menor ou igual a 130/80 mm Hg. Se existe hipertrofia ventricular esquerda usar en primeira liña preferiblemente IECA ou ARA-II.

Valorar asociación de fármacos para conseguir obxectivo de TA. Fármacos como os calcioantagonistas dihidropiridínicos, cuxo uso se recomenda restrinxir en IC con FE deprimida, poden ser de grande utilidade en IC con FE normal, en especial para axudar a conseguir obxectivos de control de HTA.



Diuréticos útiles para control síntomas por retención hidrosalina e control de HTA.

Evitar depleción de volume inducida por diurese excesiva.

Na DD o que predomina é a dificultade de enchedura do VI pola diminución da distensibilidade miocárdica e/ou alteración da relaxación ventricular, polo que os axentes de elección no tratamento serán os que alonguen o período de diástole, favorecendo a enchedura VI (beta-bloqueantes e antagonistas do calcio non dihidropiridínicos, tipo verapamilo ou diltiazem). Intentar reducir a frecuencia cardíaca para manter valores en repouso entre 60-80 lpm.

En pacientes con fibrilación auricular controlar a resposta ventricular para conseguir frecuencias en repouso entre 60-80 lpm, e polo menos <100 lpm. Utilizar en primeira liña betabloqueantes ou calcio antagonistas non dihidropiridínicos. Reservar digoxina como segunda liña, asociada a estes fármacos en doses baixas, se cos primeiros non se consegue axeitado control de resposta ventricular.

Os IECA/ARA II son os fármacos de primeira liña en pacientes hipertensos con IC con FE normal e hipertrofia ventricular esquerda e tamén en pacientes con fibrilación auricular paroxística, pois existen evidencias que suxiren que reducen as recurrencias.

En xeral, recoméndase evitar o uso de: digoxina (agás en pacientes en FA), medicacións taquicardizantes (nifedipino), alfa-bloqueantes (prazosin) e vasodilatores arteriais puros (hidralazina).

3. Tratamento cirúrxico e con dispositivos médicos

3.1 Revascularización coronaria

A revascularización coronaria debe ser valorada nalgúns pacientes con IC de etiología isquémica.

Preferentemente en pacientes con enfermidade multivazo e disfunción ventricular esquerda e en pacientes con IC no contexto dunha síndrome coronaria aguda. O tipo de técnica de revascularización dependerá dunha aproximación individualizada na que se consideren:

1. Comorbilidades asociadas.
2. Risco do procedemento.
3. Anatomía coronaria.
4. Evidencia da extensión do tecido viable na zona a revascularizar.



3.2- Cirurxía valvular

As indicacións das guías de práctica clínica para valvulopatías (ESC 2006) son aplicables a pacientes con IC. Antes de formular a cirurxía débese optimizar o tratamento médico.

As decisións basearanse nunha axeitada avaliación da situación clínica e ecocardiográfica, con especial atención ás comorbilidades cardiovasculares e non cardiovasculares.

ESTENOSE AÓRTICA

- Indicada en pacientes con síntomas de IC e EA severa.
- Pode ser considerada en pacientes con síntomas de IC, con disfunción VI severa e área valvular aórtica reducida.

INSUFICIENCIA AÓRTICA

- Indicada en pacientes con síntomas de IC e IA severa.
- Pode estar indicada en pacientes asintomáticos, con IA severa e disfunción ventricular esquerda (FE <50%).

INSUFICIENCIA MITRAL ORGÁNICA (reparación preferible).

- Indicada en pacientes con síntomas de IC, IM severa e FEVI >30%.
- Pode estar indicada en pacientes con síntomas de IC IM severa FEVI <30%, que persisten moi sintomáticos tras tratamento óptimo e con baixo perfil de risco cirúrxico por comorbilidades.

INSUFICIENCIA MITRAL FUNCIONAL (preferible reparación).

- Pode estar indicada en pacientes con síntomas de IC, IM severa, e depresión severa da FS, que persisten moi sintomáticos tras tratamento óptimo e con baixo perfil de risco cirúrxico por comorbilidades.
- Valorar TRC en pacientes con síntomas de IC, IM severa funcional e depresión de FS.

INSUFICIENCIA MITRAL ISQUÉMICA (preferible reparación).

- Indicada en pacientes con IM severa e FEVI >30% que van ser sometidos a revascularización cirúrxica.
- Debería ser considerada en pacientes con IM moderada que van ser sometidos a revascularización cirúrxica se a reparación é factible.



INSUFICIENCIA TRICÚSPIDE

- Non indicada en IT severa funcional illada.

3.3- Implante de marcapasos

- Pacientes con indicación de implante de MP por bradicardia sintomática, con IC e en ritmo sinusal, implantar preferiblemente dispositivo de dobre cámara, DDD, para poder manter sincronía aurículoventricular.
- Pacientes con indicación de implante de MP por bradicardia sintomática (primoimplante ou recambio de xerador), con IC, en clase funcional II-IV, con FS deprimida (FEVI <35%), a estimulación ventricular dereita illada pode ser prexudicial, polo que se debe valorar implante dispositivo que permita resincronización ventricular (TRC).

3.4 Terapia de resincronización cardíaca (TRC).

- Pacientes con tratamento médico óptimo, en clase III-IV de la NYHA, con FEVI <35% e QRS >120 ms.
- Preferiblemente TRC-DAI naqueles pacientes con expectativa vital superior a 1 ano.

3.5 Desfibrilador automático implantable (DAI).

- Pacientes sobreviventes a PCR (FV-TVS) con FEVI <40% en tratamento óptimo e con expectativa de vida superior a 1 ano.
- Pacientes en clase funcional II-III, con infarto previo de máis de 40 días, en tratamento óptimo, con FEVI <35% e con expectativa de vida superior a 1 ano.
- Pode considerarse en pacientes con miocardiopatía non isquémica en clase funcional II-III, en tratamento óptimo, con FEVI <35% e con expectativa de vida superior a 1 ano.

3.6- Transplante cardíaco

- Indicado en IC terminal sen outras alternativas terapéuticas, en pacientes informados, motivados, estables emocionalmente, capaces de seguir un tratamento médico intensivo e sen outras comorbilidades importantes.
- Contraindicacións
 - Abuso de alcohol e outras drogas.
 - Falta de cooperación.
 - Enfermidade mental grave.



- Cancro tratado e en remisión e menos de 5 anos de seguimento.
- Enfermidade sistémica con afectación multiorgánica.
- Infección activa.
- Insuficiencia renal con aclaramiento de creatinina <50 ml/h.
- Resistencia vascular pulmonar elevada irreversible (>6-9 unidades word e gradiente transpulmonar medio > 15 mm Hg).
- Complicacións tromboembólicas recentes.
- Úlcera péptica non resolta.
- Afectación hepática significativa.
- Outras comorbilidades que condicionen mal pronóstico.

3.7- Dispositivos de asistencia ventricular

- Indicados como ponte a transplante cardíaco e manexo de miocardite aguda grave.

4. Tratamento de co morbilidades e entidades específicas.

4.1- Fibrilación auricular.

Arritmia máis común en pacientes con IC. A súa aparición pode provocar descompensación, empeoramento funcional, aumenta o risco tromboembólico e pode empeorar o pronóstico.

En primeiro lugar débense descartar e corrixir, sempre que sexa posible, factores potencialmente desencadeantes (anomalías nos electrólitos, hipertiroidismo, consumo de alcohol, valvulopatía mitral, isquemia aguda, cirurxía cardíaca, enfermidade pulmonar aguda, infección, hipertensión non controlada).

En todos os casos reavaliar e optimizar ao máximo o tratamento de la IC.

Dentro do tratamento de la FA debemos contemplar tres aspectos:

- Control da resposta ventricular.
- Prevención de trombo embolismo.
- Control do ritmo.

4.1.1 Control de resposta ventricular

1. Obxectivo de control: FVM en repouso 60-80 lpm.



2. En pacientes con FA e IC aguda (de novo ou descompensada) e FEVI deprimida ou descoñecida, recoméndase digoxina como tratamento inicial para control de resposta ventricular, en pacientes con IC.
3. Recoméndase administración intravenosa de digoxina ou amiodarona para control de resposta ventricular en pacientes con FA e IC aguda, que non teñan unha vía accesoria (WPW).
4. En pacientes con FA e IC con FEVI deprimida, estable sen signos de descompensación, recoméndase introducir progresivamente betabloqueante para control de resposta ventricular, e reducir dose de digoxina a medida que se titula o betabloqueante.
5. En pacientes con FA e IC con FEVI deprimida estable sen signos de descompensación, recoméndase asociación de betabloqueante e digoxina, se coa dose máxima tolerada de betabloqueante non se consegue un axeitado control de resposta ventricular en repouso.
6. En pacientes con FA e IC con FEVI normal recoméndase betabloqueante para control de resposta ventricular, e pódese valorar utilizar antagonistas do calcio non dihidropiridínicos (verapamil ou diltiazem). Desaconséllase a asociación betabloqueante e calcio antagonista non dihidropiridínico. A titulación de dose pode ser máis rápida que en IC con FEVI deprimida.
7. En pacientes con FA e IC nos que con asociación de betabloqueante e digoxina, ou antagonista do calcio non dihidropiridínico (verapamil ou diltiazem) en caso de IC con FEVI normal, non consegue un axeitado control de resposta ventricular, recoméndase ablación do nodo AV e implante de marcapasos.

4.1.2 Prevención de tromboembolismo

1. Recoméndase tratamento anticoagulante en todos os pacientes con FA e IC e FEVI deprimida, sempre que non haxa contraindicación.
2. Recoméndase o tratamento anticoagulante en todos os pacientes con FA e IC con FEVI normal, sempre que non haxa contraindicación, agás naqueles que non presenten ningún factor de risco maior (embolismo previo, valvulopatía reumática) nin menor (HTA, idade >74 anos, ou diabeite mellitus).
3. En pacientes con FA e IC con FEVI normal, que non presenten ningún criterio maior nin menor, pódese valorar tratamento antiagregante (AAS 85-325 mg/día) ou tratamento anticoagulante, este último aconsellable en maiores de 64 anos, mulleres ou tirotoxicose.



4.1.3 Control do ritmo

1. O control do ritmo en comparación co control da resposta ventricular, non mellora o pronóstico en pacientes con FA e IC con FEVI deprimida.
2. Recoméndase cardioversión eléctrica cando non se consiga un rápido control da resposta ventricular e esta estea condicionando unha deterioración clínica importante como: isquemia aguda, hipotensión ou síntomas de congestión pulmonar.
3. En casos de IC con FEVI deprimida nos que se formule a cardioversión e a situación clínica non obrigue a reestablecer o ritmo sinusal de forma inmediata, pódese formular o uso de amiodarona intravenosa para conseguir a cardioversión farmacolóxica. É necesario seguir as mesmas recomendacións de prevención de tromboembolismo que coa cardioversión eléctrica.
4. En caso de FA con tempo de evolución superior a 48 horas ou descoñecido, en pacientes non anticoagulados previamente, valorar realización de eco transesofáxico (ETE) para descartar trombos intracardiacos e en calquera caso administrar un bolo de heparina seguido de perfusión continua.
5. Pódese formular cardioversión de la FA persistente en pacientes con IC nos que a pesar dun axeitado control de resposta ventricular, persistan moi sintomáticos. O éxito e a probabilidade de recorrencia dependerá do tempo de evolución da arritmia (desaconsellado en FA de máis de 1 ano de evolución) e do tamaño da aurícula esquerda (desaconsellado se diámetro de AI maior de 50 mm).
6. Pódese formular cardioversión de FA persistente cando se sospeite que esta é a causa da disfunción ventricular esquerda (taquicardiomiopatía). O éxito e a probabilidade de recorrencia dependerá do tempo de evolución da arritmia (desaconsellado en FA de máis de 1 ano de evolución) e do tamaño da aurícula esquerda (desaconsellado se diámetro de AI maior de 50 mm).
7. En IC con FEVI deprimida o uso de antiarrítmicos para manter o ritmo sinusal limitárase á amiodarona.

4.2 Arritmias ventriculares

As arritmias ventriculares son moi frecuentes en pacientes con IC especialmente en IC con FEVI deprimida. As arritmias ventriculares complexas comportan mal pronóstico. Recoméndase optimizar o bloqueo neurohormonal con doses máximas de betabloqueantes, IECA, ARA-II ou antialdosterónicos.



Recoméndase avaliar a enfermidade coronaria e revascularizar en pacientes de alto risco. Desaconséllase a utilización profiláctica e sistemática de fármacos antiarrítmicos.

En casos de arritmias ventriculares sintomáticas recoméndase:

1. Implante de DAI en pacientes que sobreviven a FV ou que presentan TV sintomática ou sincopal, con FEVI <40%, con tratamento óptimo e cunha expectativa de vida maior de 1 ano.
2. Recoméndase amiodarona en pacientes con DAI implantado e que continúan con arritmias ventriculares sintomáticas a pesar de tratamento óptimo.
3. Recoméndase ablación con catéter en pacientes con DAI implantado e múltiples TV sintomáticas con frecuentes descargas, que non se poden corrixir con reprogramación do dispositivo, nin tratamento farmacolóxico.
4. Recoméndase amiodarona como alternativa ao DAI en pacientes con TV sintomáticas, a pesar de tratamento óptimo, nos que o DAI non é unha alternativa.

4.3 Hipertensión arterial

A HTA é o principal determinante etiolóxico de IC, e o tratamento da HTA reduce o risco de desenvolver IC.

Obxectivo de presión arterial: menor de 130/80 mm Hg.

4.4 Diabete mellitus

Moi prevalente en pacientes con IC (20-30%), a súa presenza empeora o pronóstico, en especial na miocardiopatía isquémica.

Non se demostrou dunha forma convincente ata o momento que a redución das cifras de glicemia en pacientes diabéticos reduza o risco de IC.

Os IECA e ARA-II reducen o risco de IC en pacientes diabéticos.

Débenselles dar recomendacións sobre estilo de vida a todos os pacientes diabéticos.

O tratamento antidiabético oral débese individualizar en cada paciente.

A metformina debe ser a primeira alternativa en pacientes con IC estable, DM tipo II e sobrepeso.



As tiazolidindionas (glitazonas) asóciase a maior incidencia de edemas e IC sintomática, e están contraindicadas en pacientes en clase III-IV. Pódese valorar a súa utilización en clases I e II sempre que se controle a retención de líquidos.

Recoméndase a instauración temperá dun tratamento con insulina se non se controlan axeitadamente as cifras de glicemia.

Os betabloqueantes, IECA, ARA-II e diuréticos en pacientes diabéticos con IC confiren polo menos o mesmo beneficio que en pacientes non diabéticos.

Obxectivo de control glicémico: HbA1c <7%.

4.5 Insuficiencia renal

Frecuente en pacientes con IC, aumentando a súa prevalencia con severidade de IC, idade, HTA e DM, empeorando o pronóstico de forma significativa.

Descartar causas potencialmente reversibles (hipotensión, deshidratación, empeoramento en relación con IECA, ARA-II ou antialdosterónicos, estenose de arteria renal).

O inicio de tratamento con IECA, ARA-II ou antialdosterónicos pode asociarse a unha leve deterioración da función renal, que adoita ser leve e transitoria. Recoméndase manter o fármaco, descartar outras causas de empeoramento de función renal (hipotensión, deshidratación por sobredosificación de diuréticos, outros tratamentos como AINE) e monitorizar función renal e ionograma (1-2 semanas).

En pacientes con creatinina >2,5 mg/dl recoméndase supervisión dun especialista para utilización de IECA, ARA-II, e antialdosterónicos.

A asociación de IECA con ARA-II ou con antialdosterónicos comporta risco de hiperpotasemia. Recoméndase monitorizar función renal e ionograma ao inicio do tratamento (1-2 semanas). *Se K >6 reducir dose.*

En pacientes con aclarado de creatinina <30 ml/h os diuréticos tiacídicos non son efectivos e recoméndase utilizar diuréticos de asa.

En pacientes con diminución do aclarado de creatinina é necesario axustar a dose de moitos fármacos, e en especial da digoxina.

4.6 EPOC

Alta prevalencia en pacientes con IC (20-30%), condicionando un maior risco de IC e un peor pronóstico.



Difícil diferenciar o compoñente respiratorio e cardiolóxico da insuficiencia respiratoria nestes pacientes. Os péptidos natriuréticos poden ser unha ferramenta útil, aínda que en moitos casos se obteñen valores intermedios. Serán valorables se son moi baixos ou moi altos.

A maioría dos pacientes con EPOC toleran betabloqueantes. Recoméndase iniciar tratamento con doses baixas, preferiblemente con compostos cardioselectivos (nebivolol, bisoprolol), e incrementar lentamente. En caso da deterioración leve da función respiratoria non é necesario suspendelos de forma inmediata. En caso de que persista ou se agrave a deterioración da función respiratoria pode ser necesario reducir a dose ou suspendelos.

O antecedente de asma é unha contraindicación para o uso de calquera betabloqueante.

Recomendable solicitar espirometría unha vez que o paciente se atope en fase estable.

4.7 Anemia

Alta prevalencia, en especial en IC aguda, aumentando coa severidade de la IC, a idade, no sexo feminino, coa insuficiencia renal e outras co morbilidades. Asíciase con empeoramento funcional e peor pronóstico.

Non está indicada a transfusión sanguínea como medida illada para corrixir a anemia en pacientes con IC.

Postulouse o tratamento con derivados de eritropoetina e suplementos de Fe para aumentar a produción de hemacias, aínda que o seu efecto sobre a supervivencia aínda non foi demostrado. Podería valorarse en pacientes con insuficiencia renal avanzada.

4.8 Gota

É frecuente en pacientes con IC, pola utilización de diuréticos de asa e a disfunción renal, e asíciase a mal pronóstico.

Durante as crises de gota débese utilizar como primeira opción e de forma precoz a colchicina, evitando na medida do posible os AINE.

Recoméndase como tratamento profiláctico un inhibidor de xantina oxidase (alopurinol), para previr recorrencias. Non necesario en pacientes con ataques pouco frecuentes e niveis de úrico normais.



5. Recomendacións na fase final da enfermidade

Ao igual que noutras fases menos avanzadas da IC, pero de xeito especial nesta, é imprescindible asegurar a continuidade asistencial entre o persoal sanitario de Atención Primaria, Especializada, e unidades de atención domiciliaria e unidades coidados paliativos. Deberanse facer constar nos informes médicos a responsabilidade compartida no manexo e o acordo de todos na aplicación das diferentes estratexias terapéuticas, incluíndo aquelas encamiñadas a reducir o sufrimento e a dor.

A IC ten un curso impredecible e en moitos casos é difícil identificar o momento en que se deben introducir os coidados paliativos. As características do paciente que nos fan pesar nesta posibilidade son:

- Pacientes con máis dun episodio de descompensación en menos de 6 meses, a pesar de tratamento máximo tolerado.
- Necesidade continua ou frecuente de soporte inotrópico.
- Mala calidade de vida, con síntomas en clase funcional NYHA IV a pesar de tratamento máximo tolerado.
- Signos de caquexia cardíaca.
- O estado clínico indica que o paciente está ao final da súa vida.

Nesta fase os obxectivos do tratamento cambian e as intervencións médicas deben centrarse en:

- Mellorar a calidade de vida.
- Controlar os síntomas.
- Detección e tratamento precoz dos episodios de deterioración.
- Estratexia holística que considere o benestar físico, psicolóxico, social e espiritual do paciente.

Nesta fase é fundamental contemplar dentro da educación do paciente e familiares diferentes aspectos:

- Prognósticos en relación coa capacidade funcional e supervivencia.
- Opcións terapéuticas, en especial en relación coa reanimación cardiopulmonar avanzada.
- Informar sobre documento de instrucións previas no que se recollan as opcións desexadas polo paciente en relación coas opcións terapéuticas.



Dado que en moitos casos a evolución da IC é impredecible é necesario realizar reavaliación periódica para detectar posibles cambios na situación clínica do paciente.

Na fase terminal aconséllase a utilización de medidas terapéuticas encamiñadas a reducir o sufrimento e a dor, dentro das que se inclúen os opioides, sen que por iso non se deban utilizar outras estratexias terapéuticas eficaces para reducir os síntomas, como os diuréticos ou os axentes inotrópicos.

En pacientes en fase terminal con DAI, débese discutir co paciente ou os seus familiares a opción de desactivalo.

Na fase final da vida débese evitar calquera circunstancia ou medida terapéutica que impida unha morte en paz.





INDICADORES DO PROCESSO

PACIENTES CON INSUFICIENCIA CARDÍACA QUE TEÑEN UNHA AVALIACIÓN DE FUNCIÓN VENTRICULAR

Definición: porcentaxe de pacientes con insuficiencia cardíaca que presentan unha medición de fracción de exección por ecocardiografía.

Estándar: 100%

Método de medida:

- Mostraxe de historias de pacientes seguidos en consulta de Medicina Interna e Cardiología.
- Mostraxe de historias de pacientes seguidos en Atención Primaria.

Periodicidade: anual.

PACIENTES CON INSUFICIENCIA CARDÍACA AOS QUE SE PRESCRIBE IECA

Definición: porcentaxe de pacientes con insuficiencia cardíaca aos que se lles prescribe IECA.

Estándar: 100% salvo contraindicación.

Método de medida:

- Mostraxe de historias de pacientes seguidos en consulta de Medicina Interna e Cardiología.
- Mostraxe de historias de pacientes seguidos en Atención Primaria.

Periodicidade: anual.

PACIENTES CON INSUFICIENCIA CARDÍACA E FRACCIÓN DE EXECCIÓN BAIXA AOS QUE SE LLES PRESCRIBE BETABLOQUEANTES

Definición: porcentaxe de pacientes con insuficiencia cardíaca e fracción de exección menor de 0,4 aos que se lles prescribe betabloqueantes.

Estándar: 100% salvo contraindicación.

Método de medida:

- Mostraxe de historias de pacientes seguidos en consulta de Medicina Interna e Cardiología.

Periodicidade: anual.



MORTALIDADE INTRAHOSPITALARIA DE PACIENTES CON DIAGNÓSTICO PRINCIPAL INSUFICIENCIA CARDÍACA

Definición: porcentaxe de pacientes ingresados con diagnóstico principal de insuficiencia cardíaca que falecen durante o ingreso.

Estándar: a definir

Método de medida:

- Mostraxe de historias de pacientes ingresados nos servizos de Medicina Interna ou Cardioloxía con diagnóstico principal de insuficiencia cardíaca.
- Estratificación que distinga pacientes en tratamento paliativo por insuficiencia cardíaca terminal e comorbilidade.

Periodicidade: anual

TAXA DE REINGRESO DE PACIENTES CON DIAGNÓSTICO PRINCIPAL INSUFICIENCIA CARDÍACA

Definición: proporción de pacientes con ingresos por insuficiencia cardíaca que reingresa nos 3 meses seguintes á alta.

Estándar: a definir.

Método de medida:

- Mostraxe de historias de pacientes ingresados nos servizos de Medicina Interna ou Cardioloxía con diagnóstico principal de insuficiencia cardíaca.
- Estratificación que distinga entre reingresos por insuficiencia cardíaca e reingresos por outros motivos.

Periodicidade: anual.



INDICADOR DE CORRECTO MANEXO DA SOSPEITA INICIAL DE INSUFICIENCIA CARDÍACA EN ATENCIÓN PRIMARIA

- Definición: porcentaxe de pacientes remitidos Á consulta de acto único de cardioloxía por sospeita de I.C. que:
 - Cumpren criterios de Framingham.
 - Aportan as probas complementarias necesarias (analítica de sangue, saturación de oxígeno) e presentan RX tórax e ECG compatibles con insuficiencia cardíaca.
- Estándar: 100%.
- Método de medida: mostraxe de historias de pacientes seguidos na consulta de acto único de cardioloxía.


INDICADOR DE CORRECTO SEGUIMIENTO DA INSUFICIENCIA CARDÍACA EN ATENCIÓN PRIMARIA

- Definición: porcentaxe de pacientes con ingreso hospitalario por IC con 1ª visita de seguimento en A.P. na 1ª semana despois da alta.
- Estándar: 100% para graos III e IV da NYHA.
- Método de medida: mostraxe de historias de pacientes con ingreso hospitalario con diagnóstico principal á alta de IC.

CORRECTO SEGUIMIENTO DA INSUFICIENCIA CARDÍACA POR ENFERMERÍA DE ATENCIÓN PRIMARIA

- Definición: porcentaxe de pacientes con ingreso hospitalario por IC con plan de cuidados de enfermería en AP, donde a lo menos conste o diagnóstico (K77) e a frecuencia e contido das visitas de seguimento.
- Estándar: 100% .
- Método de medida: mostraxe de historias de pacientes con ingreso hospitalario con diagnóstico principal á alta de IC.





ANEXOS

**ANEXO 1. ENTREVISTAS A PROFESIONAIS PROCESO IC-CHUS.
PERFÍS DE ENTREVISTADOS E GUIÓN DAS ENTREVISTAS**

PERFÍS DE ENTREVISTADOS

i Código: ENTV-1

ENTV-1	Perfil profesional	FEA Cardiología	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	FEA Cardiología		
	Traballou fóra?			
	Percorrido profesional	Finalizou a carreira en 1994. Iniciou a especialidade en 2000		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardiología CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	30 min	Data entrevista:	10/07/08

ii Código: ENTV-2

ENTV-2	Perfil profesional	Enfermeira unidade de ICC	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	4 anos. Actualmente é unha das dúas enfermeiras referentes de ICC		
	Traballou fóra?	Non		
	Percorrido profesional	Cardiología e outras unidades do hospital		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardiología CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	30 min	Data entrevista:	10/07/08



iii Código: ENTV-3

ENTV-3	Perfil profesional	Enfermeira unidade de ICC	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	8 anos		
	Traballou fóra?	Si		
	Percorrido profesional	Traballou 4 anos en AP. Agora 4 meses como enfermeira de hospitalización		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	30 min	Data entrevista:	10/07/08

iv Código: ENTV-4

ENTV-4	Perfil profesional	Traballadora social	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	36 anos de experiencia no CHUS		
	Traballou fóra?	Non		
	Percorrido profesional	Agora como responsable + labor asistencial		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	45 min	Data entrevista:	10/07/08



v Código: ENTV-5

ENTV-5	Perfil profesional	FEA de Familia, Facultativa de Urgencias	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	Facultativa de urgencias AP e AE		
	Traballou fóra?	Si		
	Percorrido profesional	Urxencias AP (1,5 anos) agora médico de Urgencias CHUS		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	30 min	Data entrevista:	10/07/08

vi Código: ENTV-6

ENTV-6	Perfil profesional	Enfermeira AP	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	12 anos		
	Traballou fóra?	Si: AP e AE		
	Percorrido profesional	Cirurxía Cardíaca, Medicina Interna e Atención Primaria		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	45 min	Data entrevista:	10/07/08



vii Código: ENTV-7

ENTV-7	Perfil profesional	Médico AP	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	21 anos como médico de Familia		
	Traballou fóra?	Si, xefe servizo do Servizo Galego de Saúde do 95-98		
	Percorrido profesional	Médico Familia dende 92. Directivo Servizo Galego de Saúde. Responsable Centro AP agora		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	45 min	Data entrevista:	10/07/08

viii Código: ENTV-8

ENTV-8	Perfil profesional	Directivo	Gravada?	Non
	Experiencia profesional	Actualmente subdirectora do Calidade do CHUS		
	Traballou fóra?	Si, directora Axencia de Calidade de La Rioja, entre outros		
	Percorrido profesional	Experiencia directiva en varios centros		
	Lugar entrevista	Consulta n.º 5 Cardioloxía CHUS	Logo de cita?	Si
	Duración entrevista	45 min	Data entrevista:	10/07/08

GUIÓN DA ENTREVISTA

i. OBXECTIVOS DA ENTREVISTA:

Explorar a percepción dos profesionais expertos no medio sobre a prestación actual de atención aos pacientes con insuficiencia cardíaca no hospital.



ii. PERFIL E DATOS ENTREVISTADO: experiencia e percorrido profesional.

iii. CONTEXTO: lugar entrevista, data, duración, gravada?, cita previa?

iv. BENVIDA E AGRADECIMENTO E INTRODUCCIÓN

- Presentación.
- Declaración do motivo da entrevista.
- Agradecementos.
- Asegurar confidencialidade.
- Permiso para gravar se procede.

v. GUIÓN

Para iniciar a entrevista e ir focalizando os aspectos que máis lle interese resaltar, por favor puntúe de 1 a 5 os seguintes aspectos, respecto á prestación sanitaria a pacientes ICC no Servizo Galego de Saúde :

vi. OBSERVACIÓNS DURANTE A ENTREVISTA

- Aspectos cualitativos que o entrevistado quere resaltar ou comunicar.

ENTREVISTAS SEMIESTRUTURADAS: NON SON PREGUNTAS TEXTUAIS, SON GUÍAS PARA INICIAR A CONVERSACIÓN.

	1	2	3	4	5	NS/NC
Accesibilidade						
Servizo personalizado						
Competencia profesional						
Garantía no servizo						
Seguridade						
Servizo confortable						
Continuidade asistencial						
Coordinación con primaria						
Sistemas de información						
Organización sanitaria						
Carteira de servizos						
Formación						
Investigación						
Comunicación						
Satisfacción e motivación profesionais						
Infraestruturas						
Recursos dispoñibles						
Imaxe pública						



ANEXO 2. UNIDADES DE ANÁLISE E OBSERVACIÓN EN GRUPOS FOCAIS

UNIDADE DE ANÁLISIS	UNIDADE DE OBSERVACIÓN
Accesibilidade	Coñece os teléfono AP-AE?
	Demoras para especialistas
	Demoras para Probas Complementarias
	Cando ten un problema élle doado contactar co seu enfermeiro/médico?
	Cree que existe demasiada demora para unha cita en consulta?
Competencia	Que servizo lle ofrece o enfermeiro/médico a Vde. e/ou o seu familiar na consulta?
	Como lle atenderon durante o ingreso en planta?
	Como lle atenderon para a analítica p Rx?
	Como lle atenderon en urxencias?
	De que outra forma lle gustaría conseguir o mesmo servizo?
Personalización	Médico responsable?
	Enfermeiro responsable?
Seguridade/ Confianza	Cando están preocupados a quen preguntan?
	Ten dificultades para identificar as pímulas que ten que tomar?
	Explicáronlle axeitadamente?
	Necesitou ampliar información sobre tratamento tras a alta? Quen?
	Algunha vez coñeceu dunha RAM? Informou?
	Algunha vez coñeceu algún erro?
Continuidade	A alta do hospital enviáronlle información a AP?
	A súa enfermeira tiña información?
	Fóronlle a visitar á alta? Tempo?
Carteira de Servizos	Precisaría algo máis?
Satisfacción	Está satisfeito coa atención?
	Ten suficiente intimidade mentras o atenden?
	Información recibida?
	Trato recibido polo persoal
	Satisfacción xeral



ANEXO 3. PARTICIPANTES EN GRUPO FOCAL

Recolléronse os seguintes datos de forma pública porque todos os participantes solicitaron e expresaron a súa autorización explícita, para recibir retroalimentación dos resultados do traballo deste grupo de mellora.

LISTADO GRUPO FOCAL USUARIOS IC NO CHUS			
CÓD	NOME	PERFIL	OBSERVACIONES
1	Julio L. C. Reboledo Fernández	Hospitalización longa estadaía, Urxencias, CCEE, AP	Acode o seu Coidador
2	Jesús López Albela	Hospitalización, Urxencias, CCEE	
3	Rafael Cesáreo Casal Fernández	Hospitalización, Urxencias, CCEE	Acode a súa Coidadora
4	Manuel Lagares García	Hospitalización, Urxencias, CCEE, Intervención cirúrxica	
5	José Manuel Barros Brea	Hospitalización, Urxencias, CCEE, AP	

ANEXO 4. PLAN DE COIDADOS ESTÁNDAR DE ENFERMERÍA ESPECÍFICO PARA IC EN ATENCIÓN PRIMARIA

DIAGNÓSTICO DE ENFERMERÍA: DIMINUCCIÓN DO GASTO CARDÍACO (código NANDA: 00029)

R/C alteración do volume de exección, alteración da contractilidade, alteración da precarga, alteración da poscarga, alteración do ritmo cardíaco.

RESULTADOS ESPERADOS:

1. EFECTIVIDADE DA BOMBA CARDÍACA (0400).

INDICADORES:

- 01. PAS (>90 e <130 mmHg).
- 02. FC (>50 e <100 lat/min).
- 05. Tolerancia á actividade.
- 13. Edema periférico.



19. PAD (<80 mmHg).

23. Disnea.

24. Aumento de peso.

ESCALA DE MEDIDA DE RESULTADO

1: Gravemente comprometida.

2: Substancialmente comprometida.

3: Moderadamente comprometida.

4: Levemente comprometida.

5: Non comprometida.

2. AUTOCONTROL DA ENFERMIDADE CARDÍACA (1617).

INDICADORES:

05. Realiza o réxime de tratamento tal e como se prescribiu.

15. Utiliza signos de alerta para buscar asistencia sanitaria.

20. Segue a dieta recomendada.

ESCALA DE MEDIDA DE RESULTADO

1: Nunca demostrado.

2: Raramente demostrado.

3: Ás veces demostrado.

4: Frecuentemente demostrado.

5: Sempre demostrado.

ACTIVIDADES:

- Realizar unha valoración exhaustiva da circulación periférica (pulsos, edemas, enchedura capilar, cor e temperatura das extremidades).
- Observar se hai disnea, fatiga, taquipnea e ortopnea.
- Observar signos vitais: TA, FC e FR.
- Promover a diminución do estrés.
- Controlar o estado respiratorio.



- Controlar o equilibrio de líquidos (inxestión/eliminación e peso diario).
- Establecer un programa de exercicios e descansos para evitar a fatiga.
- Observar a tolerancia do paciente á actividade.
- Instruír o paciente e a familia sobre a limitación e a progresión das actividades.
- Instruír o paciente sobre o recoñecemento de síntomas de alarma e o seu informe ao enfermeiro ou médico de familia.
- Establecer unha relación de apoio coa familia e o paciente.

2. PRECAUCIÓN CARDÍACAS (4050)

ACTIVIDADES:

- Promover a participación do paciente nun programa de deshabitación tabáquica se fose preciso.
- Evitar temperaturas extremas.
- Evitar situacións emocionais intensas.

Tratar modificacións da actividade sexual se procede.

Limitar a inxestión de sodio, se procede.

Instruír o paciente sobre o exercicio progresivo.

Instruír o paciente/familia sobre os síntomas de compromiso cardíaco que indiquen a necesidade de repouso.

Instruír en técnicas de redución do estrés, se procede.

3. CONSULTA POR TELÉFONO (8180)

ACTIVIDADES:

- Identificarse, informar o paciente acerca do proceso das chamadas e obter o seu consentimento.
- Responder ás preguntas, dúbidas e ofrecer un teléfono de contacto.
- Dar información acerca das terapias e tratamento prescrito se procede.
- Dar información acerca do fomento da saúde/educación sanitaria se procede.
- Identificar as inquietudes sobre o estado de saúde.
- Dar información acerca das terapias e as medicacións prescritas, se procede.



- Dar instrucións claras de como acceder ao coidado que se necesita.
- Dar información acerca das terapias e medicación prescritas, se procede.
- Responder as preguntas.
- Deixar constancia por escrito na historia clínica da intervención realizada.

DIAGNÓSTICO IC: (código K77)

Code	Component	Text	SHORT	ICD-10	CRIT	INCL
K77	7	Insuficiencia Cardíaca	Insuficiencia Cardíaca	150	varios signos, como edema relacionado co problema, aumento da presión venosa iugular, hepatomegalia sen enfermidade hepática coñecida, signos de congestión pulmonar ou derrame pleural ou cardiomegalia	insuficiencia cardíaca congestiva, insuficiencia ventricular esquerda, insuficiencia ventricular dereita, edema pulmonar, insuficiencia cardíaca non especificada, asma cardíaca

ANEXO 5. PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA DOS EQUIPOS DE ENFERMERÍA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO E DA SÚA ÁREA SANITARIA

A intervención educativa hase de entender como un proceso continuo que se inicia, na maioría dos casos, durante o ingreso hospitalario e que se debe manter durante todo o período de seguimento, inicialmente nas consultas de IC de Cardioloxía e Medicina Interna e finalmente en atención primaria, unha vez estabilizado o paciente e completado o proceso diagnóstico e optimización terapéutica.

A enfermería implicada será a da planta de hospitalización de Medicina Interna e Cardioloxía, a das consultas especializadas de IC e a enfermería de atención primaria. É importante pois que o programa que se vai aplicar sexa común e consensuado, coa intención de manter a continuidade nas mensaxes, dirixidas en especial a fomentar hábitos saudables, a adherencia ao tratamento e ao autocontrol.

O programa educativo está dirixido aos pacientes, aos seus cuidadores e familiares.



Os aspectos nos que se incidirá no programa educativo serán os propostos polas últimas guías de IC da Sociedade Europea de Cardioloxía e que fan referencia ao coñecemento da enfermidade, a comprensión do seu carácter crónico e a importancia do autocoidado en aspectos preventivos e de tratamento. Os puntos que se van abordar durante o proceso educativo recóllense na táboa adxunta.

Materiais para o programa educativo:

1. Tríptico de información xeral sobre IC: consta a información básica e resumida da IC como unha síndrome, cos signos e síntomas máis importantes e recomendacións básicas sobre dieta, exercicio, actividade sexual e síntomas de alarma. Entregaráselles a todos os pacientes durante o ingreso hospitalario e servirá como ferramenta para que a enfermería da planta de hospitalización poida iniciar o programa educativo.
2. Folla para control de peso e constantes: permítelle ao paciente rexistrar o seu peso diario e así como a TA e a FC.
3. Receita con tratamento farmacolóxico: constarán recomendacións básicas para paciente con IC, así como o tratamento farmacolóxico ben especificado en todos os seus compoñentes e no que é aconsellable que consten os teléfonos de contacto co persoal sanitario e a data da próxima revisión.
4. Presentación en Powerpoint para realización de sesións de grupo: elaborárase unha presentación na que se aborden os 12 tópicos propostos pola Sociedade Europea de Cardioloxía e que será utilizada en sesións dirixidas a pacientes e familiares, durante a hospitalización e no seguimento ambulatorio.



Tópicos esenciais que debe abordar a intervención educativa en IC dirixida a pacientes, cuidadores e familiares.

Tópico.	Habilidades, destrezas e comportamentos de autocoidado.
Definición etioloxía.	Entender a causa da IC e o porque dos síntomas.
Síntomas e signos.	Monitorizar e recoñecer signos e síntomas. Rexistro diario de peso e identificar aumento rápido deste. Saber cando e como contactar co persoal sanitario. Usar pautas flexibles de diuréticos se é aconsellable e indicado.
Tratamento farmacolóxico.	Coñecer indicación, dose e efectos. Recoñecer efectos secundarios comúns das medicacións prescritas.
Modificación de factores de risco.	Insistir en importancia do cesamento do hábito tabáquico. Monitorizar PA se HTA. Manter axeitado control glicémico en diabéticos. Evitar o exceso de peso.
Recomendacións dietéticas.	Restrición de sal se está indicada. Evitar o exceso de líquidos. Moderar consumo de alcohol. Monitorizar e previr malnutrición.
Recomendacións de exercicio.	Tranquilizar sobre a actividade física. Entender os beneficios do exercicio. Realizar exercicios de forma regular.
Actividade sexual.	Tranquilizar sobre a actividade sexual e discutir problemas co persoal sanitario. Entender problemas sexuais específicos e diferentes estratexias de abordalos.
Vacunación.	Insistir na necesidade de facelo fronte á gripe e pneumococo.
Desordes do sono e a respiración.	Importancia de deixar de fumar. Evitar o exceso de peso. Absterse de consumir alcohol. Instruír sobre tratamentos específicos en casos apropiados.
Adherencia ao tratamento.	Entender a importancia de seguir as recomendacións de tratamento e manter a motivación para seguir o plan de tratamento.
Aspectos psicosociais.	Entender que os síntomas depresivos e as alteracións cognitivas son frecuentes en IC e a importancia do apoio social. Explicar tratamentos apropiados, se están indicados.
Prognóstico.	Entender a importancia de factores prognósticos e tomar decisións realistas. Buscar apoio psicosocial, se é necesario.



Aínda que o obxectivo final da intervención educativa é único, o seu desenvolvemento debe pasar por diferentes fases co obxecto de que esta sexa progresiva. Así, a intervención terá obxectivos e actuacións diferentes en diferentes fases desta.

1. Intervención educativa durante a hospitalización

a. Obxectivos:

- i. Inicio de proceso educativo, fundamental explicar a enfermidade, as súas causas, os seus síntomas e o seu carácter crónico.
- ii. Destacar a importancia do autocoidado e a adherencia ao tratamento na evolución.
- iii. Recomendacións básicas sobre hábitos de vida saudables (dieta, exercicio, actividade sexual).

b. Accións:

- i. Entregar e explicar do tríptico con información xeral sobre IC, a chegada do paciente.
- ii. Sesións de grupo con presentación Powerpoint centrada nos tres obxectivos. Periodicidade semanal, conxuntas para pacientes ingresados en Medicina Interna e CardioloXía. Participación de pacientes, coitados e familiares.
- iii. Entrega da receita de tratamento á alta. Irá adxunta ao informe de alta e conterá recomendacións básicas xerais sobre dieta e actividade física. Constará data e lugar de próxima visita de seguimento ambulatorio e recomendación para que se poña en contacto co seu médico e enfermeira de atención primaria.

2. Intervención educativa durante o seguimentos nas consultas de IC tras a alta hospitalaria.

a. Obxectivos:

- i. Reforzar aspectos traballados na sesión de grupo realizada durante a hospitalización.
- ii. Explicar tratamento farmacolóxico, indicacións, posoloxía, efectos adversos máis comúns.
- iii. Signos de alarma de descompensación e vías de contacto con persoal sanitario.



- iv. Aspectos psicosociais, valorar necesidade de apoio psicosocial.
 - v. Adherencia ao tratamento.
 - vi. Modificación de factores de risco.
 - vii. Actividade sexual.
 - viii. Vacinación.
 - ix. Desordes do sono e da respiración.
 - x. Prognóstico.
- b. Accións:
- i. Sesións de grupo con presentación en Powerpoint centradas nos 12 tópicos recollidos na táboa. Periodicidade mensual. Fóra do horario asistencial. Distribuír os 12 tópicos a tratar en 3 sesións. Incidir de forma especial nalgúns deles en cada unha das 3 sesións pero intentando abordar o conxunto en cada sesión. Unha cuarta sesión de reforzo e avaliación de coñecementos
 - ii. Reforzos educativos básicos (adherencia ao tratamento e signos de alarma) durante as visitas na consulta de enfermería.

3. Intervención educativa durante o seguimento en atención primaria.

- a. Obxectivos:
- i. Darlle continuidade ao proceso educativo iniciado no ámbito hospitalario.
- b. Accións:
- i. Utilización do tríptico de información xeral sobre IC para reforzar o proceso educativo iniciado no ámbito hospitalario.
 - ii. Reforzos educativos básicos (adherencia ao tratamento e signos de alarma) durante as visitas na consulta de enfermería.
 - iii. Organización de sesións con presentación en Powerpoint dirixidas a pacientes, coidadores e familiares, co obxecto de dar continuidade e reforzar o proceso educativo. Aconsellable en Centros de Saúde nos que se concentre un número significativo de pacientes destas características.

Seguindo os obxectivos do Plan de calidade do CHUS, recollido dentro do Plan estratéxico propónse realizar un control de calidade desta intervención educati-



va nunha dobre vía, como calidade percibida en termos de satisfacción do paciente e un control de calidade da propia intervención.

Calidade percibida avaliarase mediante enquisas de satisfacción realizadas a mostras significativas de pacientes cada 6 meses.

Como indicadores de calidade da intervención propóñense:

Porcentaxe de pacientes (coidadores e familiares) ingresados por IC que acoden ás sesións educativas. Como método de medida proponse realizar un rexistro de sesións no que se recolla o número de asistentes e realizar unha avaliación semestral da porcentaxe de pacientes. Esta porcentaxe debe ser superior ao 80%.

Porcentaxe de pacientes (coidadores e familiares) atendidos en consultas de IC tras a alta hospitalaria que acoden ás sesións educativas. Como método de medida proponse realizar un rexistro de sesións no que se recolla o número de asistentes, realizando unha avaliación semestral da porcentaxe de pacientes. Esta porcentaxe debe ser superior ao 80%.





BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA

1. Grigorian Shamagina, L.; Outeiro Raviña, F.; Abu Assi, E.; Vidal Pérez, R.; Teijeira Fernandez, E.; Varela Román, A.; Moreira Sayages, L. e González Juanatey, J. R. "Why and when die heart failure patients with normal left ventricular ejection fraction. Analysis of more than six hundred deaths in a community long-term study". *Am Heart J* 2008; 156: 1184-90.
2. Grigorian Shamagian, L.; González Juanatey, J. R.; Varela Román, A.; García Acuña, J. M. e Virgós Lamela, A. "The death rate among hospitalizade heart failure patients with normal and depressed left ventricular ejection fraction in the year following discharge: evolution over a 10 year-period". *Eur Heart Journal*. 2005; 26: 2251-8.
3. Varela-Roman, A.; Grigorian, L.; Barge, E; Bassante, P; Gil de la Peña, M. e Gonzalez Juanatey, J. R. "Heart failure in patients with preserved and deteriorated left ventricular ejection fraction". *Heart*. 2005; 91: 489-94.
4. Varela-Román, A.; Gonzalez Juanatey, J. R.; Bassante, P; Trillo, R.; García-Seara, J.; Martinez-Sande, J. L. e Gude, F. "Clinical characteristics and prognose of hospitalised inpatients with heart failure and preserved or reduced left ventricular ejection fraction". *Heart* 2002; 88:249-54.
5. Outeiro-Raviña, F.; Grigorian-Shamagian, L.; Fransi-Galiana, L.; Názara-Outeiro, C.; Fernández-Villaverde, J. M.; Del Álamo-Alonso, A.; Neto-Pol, E.; de Santiago-Boullón, M.; López-Rodríguez, I.; Cardona-Vidal, J. M.; Varela Román, A. e González-Juanatey, J. R., for the GALICAP "Study researchers. Morbidity and mortality among heart failure patients in Galicia", N.W. Spain: the GALICAP study. *Int J Cardiol*. 2008 Jul 8. [Epub ahead of print].
6. García Castelo, A.; Muñiz García, J.; Sesma Sánchez, P. e Castro Beiras, A. "Utilización de recursos diagnósticos e terapéuticos en pacientes ingresados por insuficiencia cardíaca: influencia do servizo de ingreso (estudo INCARGAL)". *Rev Esp Cardiol* 2003; 56: 49-56.
7. Bicada Xesto, J. R.; de Blas Abad, P; Domínguez López, J.; Feijoo Juarros, N.; Fernández Villaverde, J. M.; Gómez Vázquez, J. L. e González Juanatey, J. R. "Características dos pacientes con cardiopatía nunha área da provincia de A Coruña. Estudo Barbanza 2000". *Rev Clín Esp* 2003; 203: 570-576.
8. Defuncións segundo a causa de morte, 2006. Instituto Nacional de Estadística. Accesible en <http://www.ine.es/jaxi/tabla.do?path=/t15/p417/a2006/10/&file=01004.px&type=pcaxis&L=0>



9. Branco Ramos, M. C.; Carballeira Roca, C.; Díaz Crego, J. M.; Gómez Fernández J. R.; Lesquereux Muñiz, M. C., Sixto da Silva, C. e Mateo Rodríguez, R. *Conxunto Mínimo Básico de Datos en hospitais do Servizo Galego de Saúde*. Bienio 1995/96.
10. Rodríguez-Artalejo, F.; Guallar-Castillón, P.; Banegas Banegas, J. R. e del Rey Calero, J. "Trends in Hospitalization and mortality for heart failure in Spain 1980-1993". *Eur Heart J* 1997; 18: 1771-9.
11. Castro, A. e Escudero, J. A. Área do Corazón do Complexo Hospitalario "Juan Canalejo" da Coruña. Capítulo do libro *Xestión Clínica*. Temes, J. L. Madrid, Ed. McGraw-Hill interamericana 2000.
12. Tavazzi L. "Epidemiological burden of heart failure". *Heart* 1998; 79 Suppl 2:6S-9 S.
13. BHF Coronary Heart Disease Statistics: *Heart Failure* Supplement (2002).
14. Schneider, N. M. "Managing congestive heart failure using home telehealth", *Home Healthcare Nurse* 2004; 22:719-722.
15. Planas, F.; San Vicente, L.; Amorós, J. G.; González, J. A.; Galofré, N. e Vila, J. "Morbimortalidad dos pacientes ingresados por insuficiencia cardíaca: factores predictores de reingreso". *Medicina clínica* 2005; 124: 285-290.
16. Enquisa de morbilidade hospitalaria 2006. Instituto Nacional de Estatística. Accesible en <http://www.ine.es/jaxi/tabla.do?path=/t15/p414/a2006/l0/&file=02001.px&type=pcaxis&L=0>.
17. Juanatey, J. R.; Alegría, E.; Bertomeu, V.; Conthe, P., de Santiago, A. e Zsolt, I. "Insuficiencia cardíaca en consultas ambulatorias: comorbilidades e actuacións diagnóstico-terapéuticas por diferentes especialistas". Estudo EPISERVE. *Rev Esp Cardiol* 2008; 61(6):611-619.
18. Anguita Sánchez, M. e Investigadores do Rexistro BADAPIC. "Características clínicas, tratamento e morbimortalidade a curto prazo de pacientes con insuficiencia cardíaca controlados en consultas específicas de insuficiencia cardíaca. Resultados do Rexistro BADAPIC". *Rev Esp Cardiol*. 2004;57:1159-69.
19. López Castro, J.; Pérez de Juan Romero, M.; de Touro Santos, M.; Gayoso Diz, P. e González Juanatey, J. R. "Estudo epidemiolóxico e clínico da insuficiencia cardíaca segundo xénero e grupo etario na provincia de Ourense (cohorta da comunidade galega)". *Arch Med* 2005; 1 (4), artigo n.º 2. Accesible en



<http://archivosdemedicina.com/files/4/webpgs/ic-studyepidemiologyclinicoourse.html>.

20. *Sistema Sanitario de Galicia. Memoria 2006*. Xunta de Galicia. Accesible en <http://www.sergas.es/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IdPaxina=40008&IDCatalogo=1640>.
21. *Plan de Saúde de Galicia 2002-2005*. Xunta de Galicia. Accesible en <http://www.sergas.es/gal/Publicaciones/Docs/PIOrSanitaria/PDF7-57.pdf>.
22. González-Juanatey, J. R. ; Alegría, E.; Lozano, J. V.; Llisterri, J. L.; García-Acuña, J. M. e González-Maqueda, I. "Impacto da hipertensión nas cardiopatías en España". Estudio CARDIOTENS 1999. *Rev Esp Cardiol* 2001; 54: 139-49.
23. *Enquisa de discapacidades, deficiencias, e estado de Saúde*. 1999. Instituto Nacional de Estadística. Disponible en <http://www.ine.es/jaxi/tabla.do?path=/t15/p418/a1999/l0/&file=10001.px&type=pcaxis> .
24. Temes, J. L. "A Xestión Clínica". Capítulo do libro *Xestión Hospitalaria*. Temes, J. L. e Mengíbar, M. 4.ª Edición. Ed. McGraw Hill-interamericana 2007.
25. Malcom, J.; Arnold, O.; Howlett, J. G., Ducharme, A.; Ezekowitz, J. A; Gardner, M. J. et al. "Canadian Cardiovascular Society Consensus Conference guidelines on heart failure-2008 update: best practices for the transition of care of heart failure patients, and the recognition, investigation and treatment of cardiomyopathies". *Can J Cardiol* 2008 24 (1): 21-40.
26. Cortes, C.; Terol, J. e Temes, J.L. "Procesos Asistenciais Integrados". Capítulo do libro *Xestión Hospitalaria*. Temes, J. L., Mengíbar, M. 4.ª Edición. Ed McGraw Hill-interamericana, 2007.
27. Cortes, C.; Terol, J.; Torres, A. e Temes, J. L. *Xestión de Procesos Asistenciais. Aplicación Práctica*. Madrid, Ed. McGraw-Hill, 2006.
28. Mengíbar, M.; Del Río, S. e Terol, J. A. Xestión do Cambio. Capítulo do libro *Xestión Hospitalaria*. 4.ª Edición. Ed McGraw Hill-interamericana, 2007.



PROCESO de
INSUFICIENCIA
Cardíaca



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela**
Santiago de Compostela

Equipo de Trabajo del Proceso de Insuficiencia Cardíaca del CHUS

José Ramón González Juanatey (Cardiología CHUS)
Alfonso Varela Román (Cardiología CHUS)
Inés Gómez Otero (Cardiología CHUS)
Belén Cid Álvarez (Cardiología CHUS)
Lilian Grigorian (Cardiología CHUS)
M^a. Carmen Otero Barreiro (Enfermera Cardiología, CHUS)
Dolores Otero Fernández (Enfermería Cardiología, CHUS)
Jose Luis Iglesias Otero (Enfermería Cardiología, CHUS)
M^a Jose Muñiz Martínez (Enfermería Cardiología, CHUS)
María Moure González (Enfermería Cardiología CHUS)
Ana Seoane Blanco (Enfermería Cardiología CHUS)

Vicente Lorenzo Zúñiga (Medicina Interna CHUS)
Isidro Rodríguez López (Medicina Interna CHUS)
Francisco Lado Lado (Medicina Interna CHUS)
María Pazo Núñez (Medicina Interna CHUS)
Ramón de la Fuente Cid (Medicina Interna CHUS)
Antonio Pose Reino (Medicina Interna CHUS)
Carmen Martínez (Medicina Interna CHUS)
Ángeles Sanchidrián Chapinal (Enfermería MIR, CHUS)
Manuel Galego Silva (Enfermería MIR, CHUS)

Carmen Varela Dono (Urgencias CHUS)
José Luís Fernández Velo (Urgencias CHUS)
Carmen Seijas Rodríguez (Urgencias CHUS)

Paloma Puime Montero (Atención Primaria)
Felipe Marcos Luaña (Atención Primaria)
M^a del Carmen Riádigos Rodríguez (Atención Primaria)
Manuel Vidal Fernández Fernández (Enfermería Atención Primaria)
Celsa Junquera Vilanova (Enfermería Atención Primaria)

Jorge Aboal Viñas (Admisión CHUS)

Mercedes Carreras Viñas (Subdirección de Calidad, CHUS)
Begoña García Cepeda (Subdirección de Calidad, CHUS)

José Luis Temes (Consultora Mestesa)
Susana del Río Urenda (Consultora Mestesa)
Javier Terol Fernández (Consultor Mestesa)
Francisco Martos Pérez (Consultor Mestesa)

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	163
DEFINICIÓN DEL PROCESO	169
ANÁLISIS DE LA SITUACIÓN. OPORTUNIDADES DE MEJORA	173
Documentos a recopilar o elaborar	177
ANÁLISIS DE EXPECTATIVAS A TRAVÉS DE GRUPOS FOCALES	179
Justificación	181
Resultados de ocho entrevistas a profesionales relacionados con el proceso IC - C.H.U.S	181
Objetivos de las Entrevistas a profesionales	181
Resultados de las entrevistas a profesionales	182
Informe del grupo focal de usuarios y cuidadores del proceso IC	194
Objetivos del Grupo Focal	194
Descripción de la metodología	194
Resultados del Grupo Focal de Usuarios y Cuidadores	195
Análisis de los Resultados del Grupo Focal de Usuarios y Cuidadores	201
Comparación de los resultados de ambas técnicas: usuarios y profesionales	203
Propuesta de mejora	205
Conclusiones	208
ORGANIZACIÓN DEL PROCESO ASISTENCIAL INSUFICIENCIA CARDIACA	211
SOSPECHA INICIAL DE INSUFICIENCIA CARDIACA EN EL ÁREA DE URGENCIAS	214
